

Universidade de Vigo

MEMORIA
DE RSU
DA UNIVERSIDADE
DE VIGO



INTRODUCCIÓN.....	3
A UNIVERSIDADE DE VIGO, INFORMACIÓN DE PARTIDA.....	4
1. A UNIVERSIDADE DE VIGO, EN DATOS	4
I. Un pouco de historia. De onde partimos?	4
II. Organización institucional: órganos colexiados e unipersoais	5
III. Estrutura e funcionamento:	8
Campus, departamentos, centros e servizos.....	8
IV. Oferta formativa	13
V. Datos económicos	22
2. A NOSA RAZÓN DE SER	26
I. Misión e visión	26
II. Os nosos grupos de interese.....	27
III. O noso persoal	29
IV. Plan Estratégico 2008-2012	30
A CREACIÓN DE VALOR A TRAVÉS DA FORMACIÓN, A INVESTIGACIÓN E AS RELACIÓNS COA SOCIEDADE.....	32
1. CREACIÓN DE VALOR A TRAVÉS DA FORMACIÓN	33
I. ALUMNADO	33
I.1. Títulos exclusivos en Galicia.....	34
I.2. Bolsas e axudas.....	34
I.3. Rendemento académico e calidade docente.....	35
I.4. Premios Fin de Carreira.....	36
I.5. Programas de intercambio.....	36
I.6. Integración laboral	39
I.7. Extensión universitaria.....	41
I.8. Formación específica en responsabilidade social	45
II. PERSOAL DOCENTE	46
II.1. Formación permanente e do novo profesorado.....	46
II.2. Programas de intercambio	47
II.3. Calidade docente	49
III. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS).....	51
2. CREACIÓN DE VALOR A TRAVÉS DA INVESTIGACIÓN	53

I.	Formación en investigación	54
II.	Actividade investigadora	55
III.	Centros de investigación propios e vinculados	59
IV.	Medios ao servizo da investigación e transferencia de coñecemento ...	62
V.	SERVIZOS DE APOIO Á FORMACIÓN E Á INVESTIGACIÓN	65
V.1.	Biblioteca	65
V.2.	Universidade virtual: servizos TIC	67
V.3.	Servizo de publicacións	68
V.4.	Área de Normalización Lingüística	69
3.	CREACIÓN DE VALOR A TRAVÉS DAS RELACIÓNS COA SOCIEDADE	70
I.	Diálogo cos nosos grupos de interese	70
II.	Igualdade de oportunidades	72
III.	Atención á discapacidade	74
IV.	Sostibilidade medioambiental	75
V.	Promoción da cultura e do deporte	82
VI.	Aulas de Formación Aberta	82
VII.	Acción social e plans de pensións	84
VIII.	Voluntariado	85
IX.	Achega á responsabilidade social	88

INTRODUCCIÓN

A Universidade de Vigo, no seu Plan Operativo e de Xestión 2008-2012, presenta como primeiro obxectivo estratéxico conseguir unha xestión baseada nun modelo de excelencia. Un dos obxectivos operativos para este fin é a realización dunha memoria de responsabilidade social.

O documento que hoxe achegamos dá cumprimento ao compromiso de realizar este informe, que identifica o compromiso social da universidade, poñendo en relación as actividades que se desenvolven cos diferentes grupos de interese.

Esta primeira memoria toma por base o ano 2010, con datos do curso académico 2009-2010. É intención que este documento sexa o primeiro dunha serie con periodicidade anual, incorporando á Universidade de Vigo ás institucións que renden contas dende a perspectiva da responsabilidade social, neste caso universitaria.

Agardamos que sexa ben acollida e que as contribucións e achegas dos e das que a lean permitan a súa perfección e mellora futura.

A UNIVERSIDADE DE VIGO, INFORMACIÓN DE PARTIDA

1. A UNIVERSIDADE DE VIGO, EN DATOS

I. Un pouco de historia. De onde partimos?

Creada en 1990 por segregación da Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo nace, tal como se recolle na exposición de motivos da Lei 11/1989 de 20 de xullo, con dous obxectivos: superar as carencias universitarias existentes en Galicia e reordenar o sistema universitario da comunidade autónoma galega, atendendo aos criterios de desenvolvemento e renovación da estrutura educativa. Elaborouse para tal efecto un novo mapa educativo a partir da Universidade de Santiago, mediante a implantación de dúas novas universidades: a da Coruña, con sede na cidade herculina e con campus en Ferrol, e a de Vigo, con sede na cidade olívica e con campus en Pontevedra e Ourense.

Unha ducia de titulacións completas xa se impartían no campus universitario de Vigo ás que se sumaban as iniciadas no campus de Ourense e no de Pontevedra no momento da segregación en 1990.

A progresiva incorporación de centros e titulacións á oferta educativa, traducíuse nos primeiros anos de existencia da Universidade de Vigo nun espectacular aumento no número de matrículas, que pasou das 13.223 no curso 1990-1991, ás máis de 21.700 rexistradas no curso 1993-1994.

Hoxe esta institución conta con tres campus perfectamente dotados para atender as necesidades dos aproximadamente 25.000 membros que integran a comunidade académica formada por estudantes, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. 116 titulacións, repartidas en vinte e un centros propios e varios adscritos, compoñen a día de hoxe a oferta educativa da Universidade de Vigo, na que están presentes os ámbitos tecnolóxico, xurídico-social, humanístico e científico.

Dúas décadas despois da súa creación, a Universidade de Vigo segue traballando, coa vista posta no futuro, na consolidación como institución académica tanto a nivel nacional como internacional.

II. Organización institucional: órganos colexiados e unipersoais

Os Estatutos da Universidade de Vigo estipulan que esta “se inspirará nos principios de igualdade, solidariedade, democracia e liberdade” e apuntan: “é deber de todos os integrantes da comunidade universitaria, e en particular dos seus órganos de goberno, dar plena efectividade a estes principios e impedir calquera tipo de discriminación e o incumprimento do expresado nestes Estatutos”.

En base aos valores sinalados e para garantir o seu cumprimento, o réxime de goberno da Universidade de Vigo fundaméntase no principio de representación de todos os sectores da comunidade universitaria a través dos seus órganos colexiados e unipersoais.

ÓRGANOS COLEXIADOS

Son os que exercen o goberno, a representación, o control, a decisión ou a coordinación da Universidade, nos seus respectivos ámbitos de competencia, para o adecuado desenvolvemento da vida da institución. Nestes órganos participan os colectivos que integran a comunidade universitaria: persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e estudantado.

CONSELLO de GOBERNO

O Consello de Goberno é o órgano de goberno da Universidade. Establece as liñas estratéxicas e programáticas da Universidade, así como as directrices e procedementos para a súa aplicación nos ámbitos de organización das ensinanzas, investigación, recursos humanos e económicos e elaboración dos orzamentos. Está composto por o reitor ou reitora, o secretario ou secretaria xeral, a persoa que ocupe a xerencia, quince membros designados polo reitor ou reitora, trinta e cinco membros elixidos polo Claustro e tres membros do Consello Social non pertencentes á comunidade universitaria.

CLAUSTRO UNIVERSITARIO

É o máximo órgano de representación e control da comunidade universitaria. Está formado por 254 membros Debe servir de ámbito para a formulación de interpelacións ó reitor ou reitora e aos membros do seu equipo, así como, ao resto do Consello de Goberno. As súas funcións principais son a modificación dos estatutos, a formulación de propostas e recomendacións xerais, servir de canle de expresión da comunidade universitaria e demandar informes ou solicitar comparecencia dos representantes dos outros órganos académicos e institucionais da Universidade.

CONSELLO SOCIAL

É o órgano de participación da sociedade na Universidade de Vigo. Correspóndelle fomentar iniciativas sociais e promover a actuación dos poderes públicos para estimular inversións que favorezan as actividades da Universidade e que adecúen a capacidade docente e investigadora de esta á demanda social.

CONSELLOS de CAMPUS

Nos campus de Ourense e Pontevedra existen consellos de campus, que son órganos colexiados de representación e de coordinación. Entre as súas funcións teñen propoñer ao órgano competente de implantación, novas titulacións no seu ámbito territorial, a promoción e consecución de edificios e terreos para desenvolver o labor docente e investigador, a promoción da descentralización dos servizos, e a participación na elaboración das políticas académicas específicas do campus.

CONSELLOS de DEPARTAMENTO

O Consello de departamento é o órgano colexiado de representación e decisión do departamento. As súas principais funcións son a elección do/a director/a de departamento, a presentación da petición do seu persoal docente e investigador, así como dos recursos económicos e materiais necesarios para executar o seu plan de actividades docentes e investigadoras e a intervención nos procedementos de selección do persoal académico.

TRIBUNAL de GARANTÍAS

É o comisionado do Claustro Universitario para a defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. Para estes efectos, poderá supervisar a actividade da administración universitaria dando conta ao Claustro. O defensor universitario dará conta, anualmente nun informe que presentará ante o Claustro, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías.

XUNTAS de CENTRO

Son os órganos de representación e decisión de cada centro. As funcións da Xunta do Centro son a elección do equipo decanal ou director, a aprobación da distribución do orzamento do centro ou o establecemento dos obxectivos educativos das titulacións ao seu cargo, elaboración e aprobación dos seus plans de estudo.

A Universidade de Vigo establece que os titulares dos órganos unipersoais, excepto os que o sexan por designación ou por procedemento expresamente regulado doutro modo, deben ser elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Estes postos de carácter persoal concréntanse nos seguintes títulos:

Reitor/a, vicerreitores/as, secretario/a xeral, xerente, decanos/as e vicedecanos/as de facultades, directores/as e subdirectores/as de escolas e de departamentos, e secretarios/as de facultades, de escolas e de departamentos.

Equipo de goberno

Algúns destes órganos unipersoais constitúen o equipo de goberno da Universidade de Vigo que na actualidade está composto por:

- Reitor
- Vicerreitor de Economía e Planificación
- Vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións
- Vicerreitora de Investigación
- Vicerreitor de Transferencia do Coñecemento
- Vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade
- Vicerreitor de Relacións Internacionais
- Vicerreitor de Extensión Universitaria
- Vicerreitora do Campus de Ourense
- Vicerreitora do Campus de Pontevedra
- Secretaria Xeral

III. Estrutura e funcionamento:

Campus, departamentos, centros e servizos

A Universidade de Vigo está estruturada en tres campus: Ourense, Pontevedra e Vigo. Para realizar as súas funcións nos diversos campus, a Universidade organízase dun modo funcionalmente desconcentrado.

Á marxe deste triplo emprazamento nos seus diferentes campus, a Universidade de Vigo no seu conxunto está integrada por departamentos, centros (facultades e escolas), así como por aqueles centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións.

Ademais a Universidade de Vigo conta cunha serie de servizos básicos de apoio e de asistencia á comunidade universitaria no seu conxunto.

Departamentos

Son os órganos encargados de coordinar e impartir as ensinanzas das áreas de coñecemento nos centros, e de promover entre os seus membros o estudo, a creación e a investigación universitaria. De entre as súas funcións, recollidas nos Estatutos, destacan a organización e o desenvolvemento, nos distintos ciclos dos estudos universitarios, das ensinanzas propias da área ou áreas de coñecemento da súa competencia e o fomento e a promoción da realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico.

Departamentos por ámbitos

Ámbito científico	Ámbito tecnolóxico
C01 - Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde	T01 - Deseño na Enxeñaría
C02 - Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo	T02 - Enxeñaría Eléctrica
C03 - Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía	T03 - Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Flúidos
C04 - Ecoloxía e Bioloxía Animal	T04 - Enxeñaría Química
C05 - Estatística e Investigación Operativa	T05 - Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción
C06 - Matemáticas	T06 - Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente
C07 - Química Analítica e Alimentaria	T07 - Enxeñaría de Sistemas e Automática
C09 - Química Inorgánica	T08 - Física Aplicada
C10 - Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio	T11 - Tecnoloxía Electrónica
C11 - Química Física	T13 - Enxeñaría Telemática
C12 - Química Orgánica	T14 - Teoría do Sinal e Comunicaci3ns
Ámbito xurídico-social	T15 - Informática
X01 - Análise e Intervención Psicosocioeducativa	T16 - Matemática Aplicada I
X02 - Dereito Privado	T17 - Matemática Aplicada II
X03 - Dereito Público	Ámbito humanístico
X04 - Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación	H03 - Filoloxía Galega e Latina
X05 - Didácticas Especiais	H04 - Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá
X06 - Economía Aplicada	H05 - Historia, Arte e Xeografía
X07 - Economía Financeira e Contabilidade	H07 - Escultura
X08 - Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas	H08 - Pintura
X09 - Organización de Empresas e Mercadotecnia	H09 - Debuxo
X10 - Psicoloxía Evolutiva e Comunicación	H10 - Lingua Española
X11 - Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía	H11 - Literatura Española e Teoría da Literatura
X13 - Dereito Público Especial	H12 - Tradución e Lingüística
X14 - Comunicación Audiovisual e Publicidade	

Centros

As facultades e escolas son os centros encargados da xestión administrativa e da organización universitaria conducente á obtención de títulos académicos, así como da difusión da cultura, para o que deben contar cos medios e coa organización adecuados.

Ademais dos centros propios, a Universidade de Vigo conta con centros adscritos, que son aqueles que, dependendo de institucións públicas ou privadas, fosen debidamente autorizados e subscriban o correspondente convenio de colaboración no marco do disposto na normativa que en cada caso lles sexa de aplicación.

Centros por Campus

Campus de Ourense	Campus de Pontevedra	Campus de Vigo	
Escola Superior de Enxeñaría Informática	Escola de Enxeñaría Forestal	Escola de Enxeñaría Industrial	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Facultade de Ciencias	Facultade de Fisioterapia	EU de Estudos Empresariais	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Facultade de Ciencias da Educación	Facultade de Belas Artes	ETS de Enxeñaría de Minas	Facultade de Filoxía e Tradución
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)
Facultade de Dereito	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Escola de Enxeñaría Industrial	Centro de Investigación Biomédica (CINBIO)
Facultade de Historia		Facultade de Bioloxía	Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial (MTI)
Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI)		Facultade de Ciencias do Mar	Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT)
		Facultade de Química	
Centros adscritos	Centros adscritos	Centros adscritos	
Escola Universitaria de Enfermaría	Escola Universitaria de Enfermaría	EU de Enfermaría (Meixoeiro)	EU de Maxisterio "María Sedes Sapientiae"
	Centro Universitario da Defensa (Marín)	EU de Enfermaría (Povisa)	Escuela de Negocios Novacaixagalicia

Servizos

Os servizos básicos de apoio á docencia, á investigación e de asistencia á comunidade universitaria resúmense nos seguintes:

- Xerencia
- Servizo de Alumnado
- Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento
- Servizo de Asesoría Xurídica
- Servizo de Extensión Universitaria
- Servizos Económicos
- Servizos de Persoal
- Servizo de Prevención de Riscos Laborais
- Biblioteca
- Área de Calidade
- Área de Normalización Lingüística
- Área de Tecnoloxías de Información e Comunicacions
- Oficina de Relacións Internacionais
- Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación
- Unidade de Apoio á Xestión de Centros de Investigación
- Unidade de Estudos e Programas
- Loxística e Comunicacions: Conserxería e Parque Móbil
- Unidade de Igualdade

Outros servizos e áreas complementan os enunciados anteriormente e facilitan a vida dos membros da nosa comunidade:

Gabinete de Prensa. Unha das funcións principais é a de dar cobertura informativa ás actividades que se desenvolven nos 3 campus e que aparecen publicadas tanto no DUVI, diario dixital da Universidade de Vigo, como noutros medios de comunicación.

Área de Imaxe. Ten como obxectivo asesorar aos membros da comunidade universitaria na elaboración do material gráfico corporativo, é dicir, os símbolos gráficos que representan a institución co fin de reforzar e clarificar a comunicación interna, así como a de proxectar unha imaxe exterior coherente e de excelencia, de acordo co Plan Estratéxico 2007/2012, de cara aos novos retos aos que se enfronta a Universidade.

Servizo de Deportes. Máis de 10.000 persoas participan cada ano nas distintas actividades organizadas por este servizo, que pon ao alcance de todos os membros da comunidade, e da sociedade en xeral, a posibilidade de practicar de forma regular actividades deportivas e de lecer, a través das escolas deportivas que permiten iniciarse na práctica de diferentes modalidades deportivas.

As ligas e campionatos universitarios, os torneos intercentros e intercampus, xunto cos campionatos de España constitúen o cerne das competicións dos diferentes deportes que se desenvolven nas instalacións coas que contan os tres campus, nos que hai pavillóns polideportivos, pistas de tenis exteriores, campos de fútbol de herba artificial, pistas de atletismo, pistas de footing e ximnasio, entre outros.

Oficina de Medio Ambiente (OMA). Servizo responsable da política ambiental da Universidade. Entre as súas funcións están asesorar a comunidade universitaria en temas relacionados co medio natural; intervir nas actuacións que poidan afectar de forma negativa ás condicións e compoñentes ambientais da Universidade, e promover e coordinar calquera acción encamiñada a aumentar a calidade de vida nos diferentes campus, mediante unha relación equilibrada entre as persoas e o medio.

Centro de Linguas. O seu obxectivo é dotar á comunidade universitaria e á sociedade en xeral dun servizo de ensinanza lingüística. A oferta de idiomas

atende a diferentes tipos de demandas, por un lado, ó interese do alumnado das facultades e das escolas en completar o seu currículo, reforzando o aspecto lingüístico, por outro, á necesidade de cursos de español por parte dos estudantes estranxeiros que chegan á universidade de forma temporal.

Tamén é importante sinalar a demanda por parte do persoal investigador de ampliar e completar a súa competencia lingüística, particularmente nas linguas máis utilizadas no ámbito científico.

Tamén se ocupa de difundir o coñecemento das linguas minoritarias, das linguas propias da comunidade e doutras situacións lingüísticas semellantes, como o catalán e outras menos próximas, ademais da lingua de signos.

Área de Innovación Educativa. Depende da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, e traballa no desenvolvemento de programas de formación de profesores e na organización de ciclos de conferencias sobre docencia e innovación educativa na Universidade.

IV. Oferta formativa

A Universidade de Vigo dispón dunha ampla oferta formativa para os seus alumnos nos tres campus, adaptada ademais ás necesidades de cada comunidade local. É por isto que algunhas titulacións se imparten en dous ou tres campus simultaneamente. Durante o curso 2009-2010 houbo máis de 21.000 alumnos matriculados, sendo máis da metade (un 61%) do campus de Vigo. O 22% corresponden a matriculados no campus de Ourense e o 17% ao campus de Pontevedra.

A continuación resúmese por campus o total de matriculados no curso 2009-2010.

Resumo Matrículas Universidade de Vigo. Curso 2009-

Tipo de Titulación	Pontev.	Ourense	Vigo	Total UVigo
Grao	1.194	656	902	2.752
Licenciatura	1.031	1.194	6.505	8.730
Diplomatura	1.233	2.425	4.317	7.975
Máster	123	432	1.018	1.573
Total	3.581	4.707	12.742	21.030

Durante o curso 2009-2010, impartíronse na Universidade de Vigo un total de 25 graos, dos cales 8 se impartiron no campus de Pontevedra, 10 no de Ourense e 11 no de Vigo. Os campus de Vigo e Ourense comparten as titulacións de Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito. Por outro lado, Pontevedra e Ourense comparten as titulacións de Grao en Educación Infantil e Grao en Educación Primaria.

En total neste curso houbo 2.752 alumnos matriculados en “Graos”, dos cales o 43% (1.194 alumnos) corresponden ao campus de Pontevedra, o 24% ao de Ourense (656 alumnos) e o restante 33% ao campus de Vigo (902 alumnos).

Esta diferenza de porcentaxe de matriculados en Vigo respecto da media global débese a que o paso de licenciaturas e diplomaturas a graos en cumprimento do Real Decreto 1393/2007, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, se fixo de xeito gradual tendo diferentes impactos segundo a titulación.

Entre os tres campus impartíronse 26 licenciaturas, 23 diplomaturas (inclúense nesta categoría todas os estudos de 3 anos, é dicir, enxeñerías técnicas e titulación de maxisterio).

No referente a mestrados, en total impartíronse 70 títulos diferentes, dos cales máis da metade (43) se imparten en Vigo, aínda que non exclusivamente.

A continuación indícanse as distintas titulacións da Universidade de Vigo así como o número de matrículas en cada campus.

Graos Universidade de Vigo – Matrículas curso 2009-2010

Titulación	Pontev.	Ourense	Vigo	Total UVigo
Grao en Administración e Dirección de Empresas		118	230	348
Grao en Belas Artes	475			475
Grao en Bioloxía			74	74
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	107			107
Grao en Comunicación Audiovisual	44			44
Grao en Dereito		61	85	146
Grao en Dirección e Xestión Pública	135			135
Grao en Economía			56	56
Grao en Educación Infantil	70	77		147
Grao en Educación Primaria	74	79		153
Grao en Enfermaría			113	113
Grao en Estudos de Galego e Español			20	20
Grao en Fisioterapia	182			182
Grao en Xeografía e Historia		24		24
Grao en Enxeñaría Informática		96		96
Grao en Linguas Estranxeiras			45	45
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	107			107
Grao en Química			31	31
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos			76	76
Grao en Traballo Social		71		71
Grao en Tradución e Interpretación			116	116
Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos		16		16
Grao en Ciencias do Mar			56	56
Grao en Educación Social		70		70
Grao en Turismo		44		44
Total Matrículas	1.194	656	902	2.752

Licenciaturas Universidade de Vigo - Matrículas curso 2009-

Titulación	Pontev.	Ourense	Vigo	Total Uvigo
Enxeñeiro de Minas			364	364
Enxeñeiro de Organización Industrial			54	54
Enxeñeiro de Telecomunicación			825	825
Enxeñeiro en Automática e Electrónica Industrial			17	17
Enxeñeiro en Informática		211		211
Enxeñeiro Industrial			1811	1811
Enxeñeiro Industrial			1	1
Licenciado en Administración e Dirección de Empresas		191	1110	1301
Licenciado en Belas Artes	159			159
Licenciado en Bioloxía			329	329
Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos		40		40
Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	379			379
Licenciado en Ciencias do Mar			306	306
Licenciado en Comunicación Audiovisual	121			121
Licenciado en Dereito (Rama Empresarial)			609	609
Licenciado en Dereito (Rama xeral)		353		353
Licenciado en Economía			243	243
Licenciado en Filoloxía Galega			57	57
Licenciado en Filoloxía Hispánica			62	62
Licenciado en Filoloxía Inglesa			108	108
Licenciado en Física		114		114
Licenciado en Historia		97		97
Licenciado en Psicopedagogía		188		188
Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas	372			372
Licenciado en Química			127	127
Licenciado en Tradución e Interpretación			482	482
Total	1.031	1.194	6.505	8.730

Diplomaturas Universidade de Vigo - Matrículas curso 2009-2010

Titulación	Pontev.	Ourense	Vigo	Total UVigo
Diplomado en Ciencias Empresariais		486	798	1284
Diplomado en Educación Social		150		150
Diplomado en Enfermería	174	200	229	603
Diplomado en Fisioterapia	38			38
Diplomado en Xestión e Administración	35			35
Diplomado en Relacións Laborais			355	355
Diplomado en Traballo Social		179		179
Diplomado en Turismo		125		125
Enxeñeiro Técnico Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias		194		194
Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, especialidade en Sistemas de Telecomunicación			208	208
Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, especialidade en Sonido e Imaxen			210	210
Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión		397		397
Enxeñeiro Técnico Forestal, especialidade en Industrias Forestais	182			182
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Electricidade			363	363
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Electrónica Industrial			628	628
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Mecánica			777	777
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Química Industrial			290	290
Mestre, especialidade de Educación Especial		140		140
Mestre, especialidade de Educación Infantil	304	266	234	804
Mestre, especialidade de Educación Musical	124			124
Mestre, especialidade de Educación Primaria	249	181	225	655
Mestre, especialidade Educación Física	127			127
Mestre, especialidade Lingua Estranxeira		107		107
Total	1.233	2.425	4.317	7.975

Máster Universitario Universidad de Vigo - Matriculados curso 2009-2010 (3/3)

Titulación	Pontevedra	Ourense	Vigo	UVIGO
Máster Universitario en Nutrición		37		37
Máster Universitario en Ordenación Xurídica do Mercado			10	10
Máster Universitario en Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega			2	2
Máster Universitario en Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial			20	20
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais			35	35
Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bach., Formación Prof. e Ensino de Idiomas	43	48	146	237
Máster Universitario en Química Avanzada			7	7
Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional			6	6
Máster Universitario en Radiocomunicación e Enxeñaría Electromagnética			15	15
Máster Universitario en Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables		15		15
Máster Universitario en Técnicas Estatísticas			5	5
Máster Universitario en Tecnoloxía Medioambiental			23	23
Máster Universitario en Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil			61	61
Máster Universitario en Teoría do Sinal e Comunicacións			22	22
Máster Universitario en Tradución e Paratradución			19	19
Total Matriculados	43	100	371	514

Na seguinte táboa pódese atopar o número de estudantes por ámbito:

















Máster Universitario Universidad de Vigo - Matriculados curso 2009-2010 (2/3)


Titulación	Pontevedra	Ourense	Vigo	UVIGO
Máster Universitario en Estudos de Xénero			22	22
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados, Interpretación Textual Cultural das Sdes Anglófonas Contemporáneas			21	21
Máster Universitario en Física Aplicada			23	23
Máster Universitario en Fotónica e Tecnoloxías do Láser		13		13
Máster Universitario en Xestión e Desenvolvemento Sostible			20	20
Máster Universitario en Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais		10		10
Máster Universitario en Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais			71	71
Máster Universitario en Enxeñaría de Soldadura			33	33
Máster Universitario en Enxeñaría Matemática			23	23
Máster Universitario en Enxeñaría Química			10	10
Máster Universitario en Enxeñaría Telemática			31	31
Máster Universitario en Enxeñaría Térmica			8	8
Máster Universitario en Innovación Industrial e Optimización de Procesos			28	28
Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos		37		37
Máster Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	24			24
Máster Universitario en Investigación en Comunicación	19			19
Máster Universitario en Investigación en Contabilidade e Finanzas			12	12
Máster Universitario en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria			15	15
Máster Universitario en Investigación Psicosocioeducativa con Adollescentes en Contextos Escolares		11		11
Máster Universitario en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	20			20
Máster Universitario en Lingüística e as súas Aplicacións			9	9
Máster Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social			22	22
Máster Universitario en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida			17	17
Máster Universitario en Neurociencia			4	4

Máster Universitario Universidad de Vigo - Matriculados curso 2009-2010 (1/3)

Titulación	Pontevedra	Ourense	Vigo	UVIGO
Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas: Resp. Social Corporativa, Calidade e Medio Ambiente			11	11
Máster Universitario en Acuicultura			19	19
Máster Universitario en Aplicacións de Procesado do Sinal en Comunicacións			25	25
Máster Universitario en Artes Escénicas			22	22
Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria		56		56
Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases			4	4
Máster Universitario en Ciencias do Clima, Meteoroloxía, Oceanografía Básica e Cambio Climático		12		12
Máster Universitario en Comercio Internacional			30	30
Máster Universitario en Consultoría do Software Libre		26		26
Máster Universitario en Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control			22	22
Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa		41		41
Máster Universitario en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente		33		33
Máster Universitario en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos		15		15
Máster Universitario en Dirección e Xestión da Loxística e a Cadea de Subministración			37	37
Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo		61		61
Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos	17			17
Máster Universitario en Economía			10	10
Máster Universitario en Economía, Avaliación e Xestión do Medio Mariño e os Recursos Pesqueiros			18	18
Máster Universitario en Ecosistemas Terrestres, Uso Sostible e Implicacións Ambientais		17		17
Máster Universitario en Edición			15	15
Máster Universitario en Enerxía e Sostibilidade			65	65

Resumo matriculas Universidade de Vigo Curso 2009-2010 - Por

	GRAO	LICENCIATURA	DIPLOMATURA	MASTER
AREA DE ARTES E HUMANIDADES 180	 68	 96	 16	
AREA DE CIENCIAS 129	 17	 91	 20	
AREA DE CIENCIAS SOCIAIS E JURIDICAS 981	 150	 356	 408	 65
AREA DE CIENCIAS DA SAUDE 93	 29	 64	20	21
AREA ENXENARIA E ARQUITECTURA 718	 9	 328	 324	 55



V. Datos económicos

A Universidade de Vigo diseña e establece un sistema de rendición de contas mellorado e eficaz na súa execución, de cara a ofrecer unha información obxectiva, concisa e clara, que garanta o esforzo colectivo nos obxectivos da institución e un comportamento legal, ético e socialmente responsable. A continuación móstrase nas seguintes táboas, a situación económica da Universidade de Vigo, para os exercicios 2009 y 2010.

DEBE	2010	2009
A.GASTOS	167.889.004	166.204.434
3.Gastos funcionamento	159.136.377	159.486.549
Gastos de persoal	95.084.170	94.750.279
Soldos, salarios e acumulados	83.396.720	83.090.818
Cargas sociais	11.687.450	11.659.461
Dotacións para amortizacións de inmovilizado	31.832.384	32.906.684
Variación de provisións de tráfico	510.812	988.486
Variación provisións e perdas ctos incobrables	510.812	988.486
Outros gastos de xestión	30.944.737	30.226.431
Servizos exteriores	30.901.308	30.138.176
Tributos	16.184	75.062
Outros gastos de xestión contable	27.245	13.192
Gastos financeiros e asimilables	314.825	115.700
Por débedas	314.825	115.700
Variación provisións inversións financeiras	449.449	498.970
4. Transferencias e subvencións	7.321.194	6.607.311
Subvencións correntes	7.172.964	6.253.457
Subvencións capital	96.170	353.853
5.Perdas e gastos extraordinarios	1.431.432	110.575
Perdas de inmovilizado	104.815	84.813
Gastos e perdas doutros exercicios	1.326.617	25.762

Fonte: memorias económicas Universidade de Vigo 2009-2010

HABER	2010	2009
B.INGRESOS	156.742.567	179.131.471
1.Vendas e prestación de servizos	16.680.796	17.102.853
Prestación de servizos	16.680.796	17.102.853
Prezos públicos por prestación de servizos	16.680.637	17.068.905
Prezos públicos por aprov. Dom. Pub.	158	33.948
2.Outros ingresos de xestión ordinaria	1.862.609	1.189.389
Reintegros	1.328.730	113.040
Outros ingresos de xestión	193.470	589.278
Ingresos accesorios e outros	193.470	589.278
Outros intereses e ingresos asimilados	340.408	487.071
Outros intereses	340.408	487.071
Diferenzas positivas de cambio	0	0
3.Transferencias e subvencións	137.041.243	146.779.148
Transferencias correntes	57.086	423.800
Subvencións correntes	97.053.259	112.320.999
Transferencias de capital	1.628.743	1.985.616
Subvencións de capital	38.302.154	32.048.732
4.Ganancias e ingresos extraordinarios	1.157.918	14.060.082
Ingresos extraordinarios	0	8.770.321
Ingresos e beneficios doutros exercicios	1.157.918	5.289.761

Fonte: memorias económicas Universidade de Vigo 2009-2010

O balance de situación é un estado económico-financieiro onde se pode observar o saneamento e solidez da situación patrimonial na Universidade de Vigo.

ACTIVO		
Concepto	2010	2009
INMOBILIZADO	232.955.712	232.929.831
Inmovilizado inmaterial	710.452	578.048
Gastos de investigación e desenvolvemento	140.838.029	122.213.832
Propiedade industrial	91.999	91.999
Aplicacións informáticas	1.763.075	1.453.214
Amortizacións	-141.982.652	-123.180.998
Inmovilizado material	224.877.099	226.978.236
Terreos e construcións	224.515.648	219.443.816
Instalacións técnicas e maquinaria	85.681.101	81.198.458
Ferramentas e mobiliario	37.050.677	35.963.153
Outro inmovilizado	53.955.139	52.841.014
Amortizacións	-174.325.467	-162.468.206
Inversións financeiras permanentes	7.368.160	5.366.547
Carteira de valores a longo prazo	9.169.631	6.718.465
Finanzas e depósitos a longo prazo	190.682	190.786
Provisións	-1.992.153	-1.542.704
ACTIVO CIRCULANTE	60.504.082	78.765.667
Debedores	24.945.719	34.197.425
Debedores orzamentarios	13.993.442	24.112.350
Debedores non orzamentarios	1.987.962	2.353.109
Administracións públicas debedoras	10.513.223	8.770.321
Outros debedores	0	17
Provisións	-1.548.909	-1.038.374
Inversións financeiras temporais	45.515	46.991
Outras inversións financeiras temporais	45.515	46.991
Tesourería	35.512.847	44.521.251
TOTAL	293.459.795	311.688.498

Fonte: memoria económica Universidade de Vigo 2010

PASIVO		
Concepto	2010	2009
FONDOS PROPIOS	259.961.141	271.107.577
Patrimonio	259.961.141	258.180.540
Patrimonio	269.944.777	257.017.740
Patrimonio recibido en cesión	2.789.444	2.789.444
Patrimonio entregado en cesión	-1.626.644	-1.626.644
Resultados do exercicio	-11.146.436	-12.927.037
ACREDORES A LONGO PRAZO	15.099.182	15.810.963
Outras débedas a longo prazo	15.099.182	15.810.963
Outras débedas (anticipos MEC)	15.099.182	15.810.963
ACREDORES A CURTO PRAZO	18.399.471	24.769.958
Acredores	7.012.345	13.675.820
Acredores orzamentarios	381.747	6.764.497
Acredores non orzamentarios	209.354	423.022
Administracións públicas acreedoras	3.991.243	3.930.309
Outros acredores	2.430.000	2.557.711
Finanzas e depósitos recibidos	0	279
Axustes por periodificación	11.387.125	11.094.137
TOTAL	293.459.795	311.688.498

Fonte: memoria económica Universidade de Vigo 2010

Por outro lado, os orzamentos aprobados para o curso 2011 ascenderon á cantidade de 167,9 millóns de euros, supoñendo unha redución dun 4,6 % sobre o exercicio do 2010. Ao igual que en exercicios anteriores, os gastos de persoal segue sendo a principal fonte de gastos con 56,47% do total. O gasto corrente é outra das grandes partidas da Universidade de Vigo, destinándose un 15,43% menos a este apartado. Por tanto, é un orzamento restritivo respecto a infraestruturas, administración e extensión universitaria, pero intenta manter o esforzo naqueles colectivos que máis o necesitan, como son os alumnos.

2. A NOSA RAZÓN DE SER

I. Misión e visión

A Universidade de Vigo entende a súa responsabilidade social desde a propia base da súa existencia, reflectindo o seu compromiso coa sociedade e o entorno na propia descrición da súa misión e a súa visión, como condición indispensable do desenvolvemento da súa actividade e cometido fundamentais, atendendo non só ao seu desempeño no momento presente senón cunha clara vocación de futuro que garanta o seu papel como institución comprometida e xeradora de valor social.

MISIÓN, o “HOXE” da UVIGO

A Universidade de Vigo é unha institución pública, autónoma, aberta ao entorno e con vocación internacional, comprometida coa igualdade e co progreso económico e o benestar social de Galicia, mediante un ensino e unha investigación de calidade coas que contribuír á creación e a transferencia de coñecemento, á formación integral das persoas, ao desenvolvemento científico e tecnolóxico, á innovación e ao crecemento intelectual da sociedade multicultural e plurilingüe na que se insire.

VISIÓN, o “MAÑÁ” da UVIGO

A Universidade de Vigo, una institución pública, galega e de calidade, quere consolidarse como unha institución igualitaria, plural e participativa, comprometida coa cooperación institucional, a solidariedade e a preservación do medio natural, e quere ser recoñecida e valorada pola formación integral do seu alumnado, tanto no campo profesional como persoal, pola calidade dos servizos ofrecidos, pola eficiencia, eficacia e transparencia da súa xestión e polo seu prestixio académico.

Aspira a ser un referente innovador dentro do sistema universitario na docencia, a investigación básica e aplicada, a xestión e a transferencia da ciencia e o coñecemento, a internacionalización das súas actividades, en

especial en Latinoamérica e nos países lusófonos, e a integración harmónica co entorno, e a ser, ademais, un instrumento socialmente vertebrador e catalizador do debate intelectual e das novas ideas.

II. Os nosos grupos de interese

IDENTIFICACIÓN DOS NOSOS GRUPOS DE INTERESE

Na Universidade de Vigo, pola natureza do noso cometido, somos conscientes do alto grado de impacto que a nosa actividade xera sobre a sociedade e o entorno.

Este impacto canalízase a través do noso persoal docente e investigador, os nosos alumnos e o persoal administrativo e de servizos. Estes tres colectivos son algúns de nosos grupos de interese xa que catalizan o coñecemento e son unha das canles polas que a Universidade consegue xerar valor á sociedade.

Para poder levar a cabo a nosa actividade desde unha perspectiva participativa e de mellora continua, e para poder incorporar novas necesidades e tendencias, creamos sinerxías con colaboradores de diversa índole e con outras redes e organizacións do ámbito académico e, especialmente, do universitario. Estes grupos complementánnos e axúdannos a que o valor xerado pola Universidade sexa maior e mellor.

Consideramos tamén grupos de interese de vital importancia a todos aqueles provedores de servizos e outros colectivos que dan soporte a nosa actividade e que fan posible que a Universidade funcione adecuadamente, facilitando a consecución dos nosos obxectivos.

Este triplo enfoque permitiunos identificar os nosos grupos de interese en función da súa contribución, do seu impacto sobre a actividade da Universidade e da influencia que a propia Universidade de Vigo xera neles.

ALUMNADO. O alumnado é o pilar fundamental da Universidade, a nosa razón de ser. Por el, a Universidade esforzase en proporcionar unha oferta formativa atractiva e de calidade. Desde unha visión integral, a Universidade de Vigo non só dota aos estudantes de competencia profesional para o seu futuro desenvolvemento laboral, senón que proporciona todos os recursos necesarios para formar persoas responsables, con capacidade crítica e valores éticos que conforman a sociedade actual e futura.

PERSOAL. O persoal constitúe o activo máis valioso e é un dos grupos de interese de maior importancia para a Universidade. Integrado en conxunto por persoal docente e investigador e de administración e servizos, sabemos que del depende a calidade da docencia, da investigación e dos servizos de xestión e apoio. É o principal recurso da Universidade, e por elo tratamos de crear o mellor entorno de traballo potenciando a formación, promoción e crecemento persoal.

EMPRESAS. Serán as principais receptoras dos nosos titulados, colaborando coa Universidade de Vigo a través dos distintos programas tanto no ámbito formativo como no da investigación.

COLABORADORES. Entendemos como colaboradores ás fundacións, asociacións, organizacións empresariais, sindicatos, centros de ensino e outras institucións que con carácter estratéxico impulsan e xeran valor engadido. Colaboran coa Universidade de Vigo para impulsar a docencia práctica e a creación de coñecemento aplicado contribuindo ao desenvolvemento da comunidade universitaria.

ÁMBITO UNIVERSITARIO. Incluímos neste grupo a calquera entidade do ámbito universitario, xa sexan outras Universidades nacionais ou internacionais, ou redes e órganos universitarios nacionais ou internacionais.

PROVEDORES. Son aqueles que provén de bens materiais, fornecementos ou servizos a Universidade, facendo posible o seu correcto funcionamento.

SOCIEDADE. Entendida como a beneficiaria última da nosa actividade, e sobre a que a Universidade xera o seu impacto social. Potenciamos o diálogo coa sociedade a través de diferentes representantes da mesma como a comunidade local, as organizacións sen ánimo de lucro, os medios de comunicación etc.

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. Fundamental e necesaria para poder desenvolver a nosa actividade, establecemos un diálogo que con carácter bidireccional aporta valor en ambas direccións.

III. O noso persoal

Constituído como un dos nosos grupos de interese prioritarios e de máxima importancia, o persoal da Universidade de Vigo está composto por persoal docente e investigador (PDI) e persoal de administración e servizos (PAS).

Resumo Persoal Universidade de Vigo 2010

Tipo	Efectivos
Funcionariado Docente	882
Profesorado Contratado	697
Persoal Investigador	209
Total PDI	1.788
Funcionariado PAS	392
Laboral PAS	349
Total PAS	741
Total	2.529

Para eles desenvólvense diferentes políticas encamiñadas a garantir a igualdade entre mulleres e homes, promover a conciliación da vida persoal e profesional, favorecer o seu desenvolvemento desde unha perspectiva integral, impulsar a formación e promoción interna e asegurar un entorno de traballo seguro e saudable.

IV. Plan Estratégico 2008-2012

En 2008 adquirimos o compromiso de elaborar o primeiro Plan Estratégico da Universidade de Vigo. Entendemos que era necesario promover un debate no que participaran os diferentes colectivos universitarios e os axentes sociais que nos axudara a deseñar un modelo futuro de Universidade e que trazara o camiño a recorrer para acadar este obxectivo. Ademais do seu valor como exercicio de reflexión colectiva, o Plan Estratégico facilitaría o establecemento de metas que servirían de orientación para dar mellor resposta aos novos retos que a sociedade actual suscita á Universidade como institución pública.

METAS ESTRATÉXICAS DO PLAN 2008-2012

1. A Universidade terá que ser aberta, estará conectada co seu entorno e será valorada socialmente.
2. A Universidade ofrecerá procesos de ensinanza-aprendizaxe orientados á formación integral, non só a nivel profesional senón tamén, persoal.
3. A Universidade comprometerase na busca e obtención dun alumnado motivado, participativo e implicado.
4. A Universidade estará comprometida coa igualdade, cunha cultura organizativa vertebradora e cun sistema de xestión flexible e eficaz.
5. A Universidade será solidaria e estará comprometida coa sociedade. Impulsará a cooperación ao desenvolvemento no seo da mesma.
6. A Universidade será economicamente sostible, para consolidar e completar a súa oferta de servizos.
7. A Universidade ofrecerá unha oferta formativa especializada e diferenciada, adaptando a docencia ofertada pola Universidade de Vigo ás demandas do seu entorno.
8. A Universidade innovará e progresará nos procesos de investigación básica e aplicada.
9. A Universidade será emprendedora creando, difundindo e transferindo coñecementos e I+D+i de cara ao tecido produtivo e liderando alianzas estratéxicas a través de centros ou plataformas tecnolóxicas.
10. A Universidade adquirirá un compromiso coa integración económica e co desenvolvemento eurorrexional.
11. A Universidade consolidarase na súa proxección nacional e internacional.

A CREACIÓN DE VALOR A TRAVÉS DA FORMACIÓN, A INVESTIGACIÓN E AS RELACIÓNS COA SOCIEDADE.

Desde a Universidade de Vigo entendemos a nosa responsabilidade social como o obxectivo e a consecuencia das accións e impactos que xeramos no conxunto da sociedade e a nosa contribución ao desenvolvemento sostible, atendendo ás dimensións económica, social e medioambiental, e apostando por un modelo participativo en estreito contacto e diálogo cos nosos diferentes grupos de interese.

Este concepto de responsabilidade social e da nosa propia sostibilidade universitaria consolídase como un compromiso real, transversal, plural progresivo e multidimensional de creación de valor tanto no conxunto das actividades levadas a cabo dentro da Universidade como na nosa proxección social.

Xa que logo, articulamos o noso compromiso coa responsabilidade social en torno a tres eixes fundamentais que inclúen a todos os nosos grupos de interese: a **formación**, a **investigación** e as **relacións coa sociedade** en xeral. A través dos plans e accións específicas que se desenvolven en cada unha destas áreas, tratamos de dar resposta e cumprir coas expectativas destes grupos, potenciando un diálogo real a través dun sistema vivo que adaptamos e optimizamos en base ao noso firme propósito co progreso e a mellora continua.

Esta clasificación da nosa responsabilidade social está na liña da estratexia estatal de modernización das Universidades españolas recentemente publicada e denominada *Estratexia Universidade 2015*, que pasa a contemplar a responsabilidade social universitaria como un obxectivo básico da universidade española, sumándose así ás misións tradicionais de formación e investigación.

Todos os nosos grupos de interese veranse reflectidos nalgún ou varios dos tres piares mencionados como evidencia real da transversalidade da responsabilidade social na nosa Universidade, ao non supoñer unha área que

tratamos de forma illada, senón que se consolida como o eixe fundamental e común a todas as nosas políticas e accións.

1. CREACIÓN DE VALOR A TRAVÉS DA FORMACIÓN

Porque a formación responsable é o obxectivo primeiro e último da nosa actividade, a excelencia formativa e a formación integral vertebran o primeiro dos piares da Universidade de Vigo e son entendidas como condición indispensable do desenvolvemento da súa actividade e cometido fundamentais.

Xa nos seus estatutos, a Universidade de Vigo entende como unha das súas misións fundamentais *“erixirse en promotora da creación e difusión do pensamento crítico e do fomento da cultura entre a comunidade universitaria e a sociedade no seu conxunto, para a **consecución dunha formación integral da persoa no proceso de educación permanente**”* e para elo, engade, *“deberase propiciar a existencia de espazos, estruturas e o desenvolvemento de todas aquelas accións que faciliten e promovan a consecución de ditos obxectivos”*.

Conseguir unha formación de calidade permanente, aberta e plural, require atender fundamentalmente a formación de alumnos e persoal docente e definir os medios e oportunidades que se poñen ao seu dispor, sen esquecer o papel fundamental que o noso persoal de administración e servizos (PAS) asume en cada unha das actividades que neste sentido levamos a cabo.

I. ALUMNADO

A Universidade de Vigo pon a disposición do seu estudiantado unha oferta formativa atractiva e de calidade. Desde unha visión integral, non só dota aos/ás estudantes de competencia profesional para o seu futuro desenvolvemento laboral, senón que proporciona todos os recursos necesarios para formar persoas responsables, con capacidade crítica e valores éticos que conforman a sociedade actual e que serán os protagonistas da sociedade no futuro.

I.1. Títulos exclusivos en Galicia

Entre o abano de titulacións que ofrecemos, algunhas son impartidas de forma exclusiva na Universidade de Vigo dentro do Sistema Universitario Galego: *Belas Artes, Ciencias do Mar, Enxeñaría de Telecomunicación, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría de Minas, Enxeñaría Técnica Forestal, Tradución e Interpretación*. Fóronse incorporando á oferta formativa da universidade, cubrindo a demanda que existía na nosa contorna social e fomentando a retención de talento.

I.2. Bolsas e axudas

Para toda a nosa oferta formativa, os estudantes poden acceder a diferentes bolsas e axudas tanto do Ministerio de Educación como da Xunta de Galicia ou ás bolsas propias da Universidade de Vigo.

A continuación resúmense as bolsas convocadas pola Universidade de Vigo, segundo o seu financiamento. En total convocáronse no curso 2009-2010 bolsas para máis de 2.300 prazas, superando o orzamento global os 3 millóns de euros. Máis do 75% do importe das bolsas correu por conta da propia Universidade de Vigo.

Bolsas convocadas pola Universidade de Vigo. Curso 2009-2010

Financiado por	Prazas	Orzamento
Bancaja	53	50.000 €
Banco Santander	9	27.000 €
Comisión Europea	548	635.918 €
Deputación de Ourense	92	25.000 €
Universidade de Vigo	1.683	2.442.606 €
Total	2.385	3.180.524 €

I.3. Rendemento académico e calidade docente

Conscientes da importancia da excelencia formativa baixo unha perspectiva de progreso e mellora continua, e cumprindo coa normativa do Espazo Europeo de Educación Superior no que a garantía da calidade se converte en eixe fundamental, prestamos especial atención a vixiar tanto o rendemento académico do noso alumnado como a súa percepción sobre a calidade da docencia que recibe.

De entre os indicadores que se empregan en referencia á mellora do rendemento académico, destacan:

Taxa de éxito, entendida como a relación porcentual entre o número de alumnos que aproban a materia e o número de alumnos presentados en dita materia. A taxa de éxito durante o curso 2009-2010 foi do 91,25%.

Taxa de rendemento, entendida como a relación porcentual entre o número de alumnos que aprobaron unha materia e o número de alumnos matriculados en dita materia. A taxa de rendemento durante o curso 2009-2010 foi do 66,11%.

En canto á calidade da docencia, a Área de Calidade realiza as enquisas de satisfacción ao alumnado desde o curso académico 1992-1993, non só en cumprimento da actual normativa do EEES, senón como a ferramenta na que se concreta o expresado nos seus Estatutos no que se cita a “*valoración obxectiva do estudiantado sobre a docencia recibida, especificada por materia e profesor, e realizada con garantías técnicas suficientes*”.

O resultado global da avaliación docente da institución para o curso 2009-2010 foi de 3,72 puntos sobre unha escala de 1 a 5.

A análise dos resultados das enquisas de satisfacción permite a incorporación de accións de mellora para un correcto desenvolvemento dos programas académicos.

I.4. Premios Fin de Carreira

Co obxectivo de distinguir aqueles alumnos que destacaron durante os seus estudos, a Universidade concédelles un premio coma recoñecemento ao seu esforzo, dedicación e resultados. Para isto, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo, pode outorgar, a proposta das Xuntas de Centro, Premios Extraordinarios de Fin de Carreira por cada titulación e curso académico. Por cada titulación, o tribunal correspondente fará a valoración dos expedientes dos estudantes que finalizaron os seus estudos no curso inmediatamente anterior.

A Universidade de Vigo concedeu un total de 43 premios extraordinarios a alumnos de primeiro e segundo ciclo correspondentes á convocatoria do curso 2009-2010.

I.5. Programas de intercambio

Fomentar a mobilidade do alumnado propio e a acollida de estudantes estranxeiros supón un obxectivo fundamental para a Universidade de Vigo na súa aposta pola formación integral do alumnado, a internacionalización e a proxección exterior da propia institución. A Universidade de Vigo promove e facilita a mobilidade do alumnado, situándose entre as 15 primeiras universidades do Estado en número de estudantes estranxeiros recibidos e estudantes propios enviados ao estranxeiro, respecto ao total de estudantes.

En concreto, 589 estudantes propios participaron de programas de intercambio co estranxeiro ao longo do curso académico 2009-2010, dos que 541 realizaron a súa estadía con programas en Europa.

Por outra banda, 471 estudantes estranxeiros desprazáronse ata os campus da nosa universidade durante todo ou parte do curso académico. Destes, 374 proceden de programas de intercambio para europeos.

A través da Oficina de Relacións Internacionais (ORI), encargada de coordinar, centralizar e xestionar todas as actividades internacionais que se desenvolven na Universidade, promóvese a internacionalización do alumnado, facilitando o

intercambio de experiencias entre estudantes, en especial no marco dos programas Sócrates-Erasmus, ISEP, bolsas MAE e outras bolsas propias da Universidade de Vigo.

Con respecto aos estudantes propios, a ORI proporciona asesoramento aos candidatos seleccionados para estes programas en temas como a documentación que deben presentar, información sobre a contía das bolsas e posibles axudas complementarias, ou sobre as xestións que teñen que realizar coas universidades de destino.

**Estudantes da Universidade de Vigo en Europa por campus.
Curso 2009-2010**

País de destino	Pontev.	Ourense	Vigo	Total
Alemaña	8	8	58	74
Austria	3		4	7
Bélxica	2	2	26	30
Bulgaria			2	2
Dinamarca		2	5	7
Eslovaquia		2	11	13
Eslovenia			5	5
Estonia			2	2
Finlandia	3	9	9	21
Francia	5	6	55	66
Grecia			2	2
Hungría		1	4	5
Irlanda		2	14	16
Italia	22	28	51	101
Letonia		2		2
Lituania	2			2
Noruega	1		3	4
Países Baixos	1		4	5
Polonia	2	6	30	38
Portugal	11	15	28	54
Reino Unido	6		30	36
República Checa	2	5	23	30
Romanía	2	4	5	11
Suecia	2		3	5
Turquía		3		3
Total xeral	72	95	374	541

No que toca aos estudantes estranxeiros, a ORI xestiona a aceptación da súa participación nun programa de intercambio, elabora a Guía do estudante estranxeiro para facilitar a súa chegada e incorporación na institución, e fomenta entre os estudantes propios da Universidade o voluntariado para a súa recepción e acollida. Existen diferentes programas especialmente deseñados para satisfacer as necesidades do alumnado estranxeiro que queira realizar parte dos seus estudos, preparar o seu proxecto ou redactar a súa tese na Universidade de Vigo.

Ademais, a Universidade conta no seu Centro de Linguas con programas de idiomas dirixidos a estes estudantes de intercambio que inclúen tanto cursos cuadrimestrais como cursos de verán de diferentes niveis.

Estudantes estranxeiros na Universidade de Vigo por campus. Curso 2009-2010

País de orixe	Pontev.	Ourense	Vigo	Total
Alemaña	5	4	50	59
Austria	2		3	5
Bélxica	1		8	9
Eslovaquia		1	4	5
Eslovenia	1		1	2
Estonia			1	1
Finlandia	3		2	5
Francia	1	3	42	46
Grecia	1	1		2
Hungría		1		1
Italia	7	12	37	56
Letonia		1		1
Noruega	1			1
Polonia	2	3	72	77
Portugal	10	14	15	39
Reino Unido	6		17	23
República Checa			16	16
Romanía	3		5	8
Suecia			2	2
Suíza			1	1
Turquía	1	5	9	15
Total	44	45	285	374

Como se pode comprobar na táboa anterior, a Universidade de Vigo acolleu un total de 374 alumnos de 21 países diferentes, repartidos entre os tres campus da Universidade. O campus de Vigo foi o que recibiu a maior porcentaxe de estudantes estranxeiros, cun 76% do número total de estudantes, estando o 24% restante distribuído a partes iguais entre os campus de Ourense e Pontevedra.

Tándem de conversa, unha iniciativa con gran aceptación

A ORI ten posto en marcha o programa “Tándem de conversa” que consiste en poñer en contacto a aqueles alumnos da Universidade interesados en aprender outro idioma ou mellorar o seu nivel e que ao mesmo tempo poidan ensinar galego, castelán e outros idiomas que dominan aos estranxeiros que cursan estudos na Universidade de Vigo. Desta forma e mediante a xestión do grao de coñecemento, nivel e expectativas duns e doutros, establécese o intercambio de conversa, ideado para practicar entre unha e dúas horas semanais.

I.6. Integración laboral

Facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado supón unha parte fundamental da nosa responsabilidade social e a materialización máis evidente da nosa achega e creación de valor a través da formación.

Conscientes da súa importancia, o Plan Estratéxico para o período 2008-2012 contempla baixo o obxectivo xeral de “*completar a formación dos estudantes con prácticas en empresas e outras organizacións e institucións*”, o desenvolvemento de accións para incrementar as ofertas destas prácticas empresariais nas diferentes titulacións.

As prácticas teñen como finalidade introducir os estudantes nas áreas operativas de empresas e outras institucións para conseguir convertelos en profesionais cunha visión práctica dos problemas e preparar a súa futura incorporación ao mercado laboral. As vantaxes para o alumno que realiza prácticas nunha empresa ou institución son múltiples:

- Ter unha primeira toma de contacto co mundo laboral e a posibilidade de aprender a desenvolverse ante diversas situacións que se poden presentar na súa futura carreira profesional.
- Configurar a súa formación teórico-práctica en contextos reais de traballo.
- Ir acadando os coñecementos e a madurez necesaria para enfrontarse a toma de decisións que lle permitan conseguir os seus obxectivos profesionais.
- Ampliar o seu currículo con experiencia profesional, tan demandada polas empresas nas súas ofertas de emprego.

A Universidade de Vigo ten convenios con máis de mil empresas e institucións para que o seu alumnado poida realizar prácticas.

**Prácticas realizadas por estudantes da Universidade de Vigo.
Curso 2009-2010**

	Técnicas	Ciencias	Humanidades	Xur-Social	TOTAL
FUVI con empresas e institucións	310	104	51	332	797
Prácticum e centros	6	610	796	282	1.694
TOTAL	316	714	847	614	2.491

Para a integración laboral do alumnado, a Universidade pon a súa disposición diferentes medios, organismos e áreas que facilitan e xestionan a súa incorporación ao mundo empresarial a través de diferentes programas en empresas e institucións públicas e privadas.

Fundación Universidade de Vigo

A Fundación Universidade de Vigo (<http://www.fundacionuvigo.es>) consolídase como unha entidade dotada de persoal técnico que ten entre as principais áreas de actuación a xestión e seguimento das prácticas dos estudantes, o asesoramento a emprendedores e o fomento do programa de iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

A Fundación Universidade de Vigo traballa para fortalecer un servizo integral de información, orientación e formación no ámbito da busca activa de traballo e fomentar as oportunidades de achegamento ao exercicio profesional do alumnado.

As súas principais áreas de actuación son a xestión de ofertas de traballo e a difusión de bolsas para a realización de prácticas en empresas ou institucións. Desde a FUVI tamén orientan e asesoran de forma individual o alumnado que queira elaborar un itinerario personalizado na busca de emprego.

Eures Transfronteirizo (Eures-T)

Os servizos europeos de emprego teñen unha figura, a do Conselleiro/a Eures Transfronteirizo, especializado na mobilidade laboral no seo da Unión Europea e, particularmente, na mobilidade laboral transfronteiriza.

A Universidade de Vigo é a única universidade de Estado que conta con esta figura, financiada e homologada pola Unión Europea, para asesorar aos estudantes e elaborar documentos de traballo en cooperación cos axentes sociais de Galicia e Portugal, fundamentalmente.

Guía de saídas profesionais

Un destes documentos elaborados no seo do programa Eures-T é a guía de saídas profesionais da Universidade de Vigo. Na páxina web da universidade ofrécese un enlace a esta guía con información práctica sobre as saídas profesionais das titulacións impartidas e outra serie de recursos de interese para os/as estudantes.

(<http://webs.uvigo.es/guiasaidasprofesionais/htm/guia.htm>)

I.7. Extensión universitaria

Coa vocación de formación integral dos estudantes, a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e as Vicerreitorías dos Campus de Ourense e Pontevedra realizan actividades de proxección da Universidade na vida social, cultural e deportiva dos alumnos, proporcionándolles un conxunto de

infraestruturas e servizos destinados a potenciar a súa formación a niveis alén do estritamente académico.

Cursos de extensión universitaria

A Vicerreitoría de Extensión Universitaria convoca anualmente unha serie de cursos para os estudantes como formación complementaria ás súas propias disciplinas ou para ampliar coñecementos a nivel xeral sobre diversas temáticas.

Sección de Integración, Orientación e Promoción do Estudante (SIOPE)

Constituído como un servizo profesional de orientación ao estudante, o SIOPE estrutúrase en tres áreas diferentes:

- Área de Información: facilita información relativa á oferta académica e á vida universitaria.
- Área de voluntariado: promove o voluntariado e a integración na comunidade universitaria.
- Gabinete psicopedagóxico: ofrece atención ao alumnado que o requira nas áreas de orientación educativa, académica e psicopedagóxica.

Aloxamento e comedores universitarios

A universidade conta cunha ampla rede de comedores e cafeterías nas escolas e facultades dos seus tres campus. Ademais, na área comercial da cidade universitaria do campus de Vigo existen varios establecementos de restauración.

No relativo ao aloxamento, os tres campus dispoñen de residencias que ofrecen diferentes servizos e condicións.

Centros propios:

1. Complexo residencial As Burgas (Ourense)
2. Complexo residencial O Castro (Vigo)

Centros concertados:

3. Residencia concertada A Peregrina (Pontevedra)
4. Complexo residencial concertado Alcai (Allariz)

Promoción do deporte

Dende a Universidade de Vigo entendemos o deporte como parte do desenvolvemento persoal do individuo e, daquela, como elemento da formación integral do alumnado. En consecuencia dispoñemos nos tres campus de infraestruturas exclusivamente destinadas ao tempo de lecer.

As ligas e campionatos universitarios, os torneos intercentros e intercampus, xunto cos campionatos de España, representan o cerne das competicións dos diferentes deportes que se desenvolven nas instalacións dos tres campus, constituídos por pavillóns polideportivos, pistas de tenis exteriores, campos de fútbol de herba artificial, pistas de atletismo e de footing e ximnasios, entre outros.

Máis información: <http://deportes.uvigo.es/>

Promoción da cultura

A creación, desenvolvemento e transmisión da cultura é unha das funcións elementais das universidades ao servizo da sociedade. Xa que logo, entendemos a promoción da cultura entre o noso alumnado como paso previo necesario e elemento vertebrador da súa formación.

A Universidade de Vigo dispón dunha ampla programación cultural e actividades extraacadémicas de promoción da cultura, que engloban diferentes disciplinas: actividades teatrais, concertos musicais, espectáculos de rúa, ciclos cinematográficos, cursos e obradoiros etc.

Ademais convócanse premios e certames para a promoción da cultura e das habilidades artísticas dos universitarios, entre os que destacan os premios de creación artística, unha convocatoria anual dirixida a disciplinas como a creación audiovisual, a fotografía, a pintura e as maquetas musicais.

Cabe salientar igualmente a formación do Coro Universitario, fundado no ano 1990 para satisfacer, entre outras, unha necesidade evidente de contribuír a potenciar a formación musical dos/das estudantes, en especial dos futuros Mestres de Educación Musical, así como realizar un labor de difusión cultural alén do marco da propia universidade e dar carácter solemne aos seus actos académicos.

Apoio psicopedagóxico

Dependente do SIOPE, o Gabinete Psicopedagóxico da Universidade de Vigo creouse para atender as necesidades de tipo académico e persoal dos estudantes. Con este fin ofrécese todo tipo de información e orientación académica e vocacional, e atención individualizada a calquera estudante que o precise.

A través de diferentes cursos e obradoiros, o Gabinete Psicopedagóxico aborda todos os anos algunhas das inquiredanzas ou problemas que de forma xeneralizada presentan e demandan os alumnos da universidade: medo a falar en público, autoestima, habilidades sociais e relacións interpersoais, motivación, técnicas de estudo e toma de decisións.

Voluntariado e asociacionismo.

A Universidade de Vigo, a través da área de voluntariado e integración do SIOPE, fomenta a participación dos alumnos en proxectos de voluntariado propios ou en colaboración con diferentes institucións. O resultado e efecto destes programas e accións de voluntariado queda reflectido no noso compromiso coa acción social e a creación de valor a través das relacións coa sociedade, especificado máis adiante.

Por outra banda, son numerosas as asociacións de estudantes de diferente natureza (deportivas, culturais, sociais etc.) que desenvolven a súa actividade na Universidade de Vigo e que poden dispoñer de servizos e instalacións que esta habilita para tal fin, posibilitando que poidan realizar as súas xuntanzas ou programar as súas actividades.

I.8. Formación específica en responsabilidade social

A Universidade ten un papel fundamental como xeradora e difusora de coñecemento en torno á propia responsabilidade social. Para cumprir este papel e garantir ademais a responsabilidade social dentro da nosa propia institución, temos en conta as recomendacións e orientacións da estratexia nacional de modernización das universidades estatais, *Estratexia Universidade 2015*, así como o Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación de ensinanzas universitarias oficiais, en desenvolvemento da Lei Orgánica 4/2007 de universidades de 12 de abril, dispoñendo no seu preámbulo que *“se debe ter en conta que a formación en calquera actividade profesional debe contribuír ao coñecemento e desenvolvemento dos dereitos humanos, os principios democráticos, os principios de igualdade entre mulleres e homes, solidariedade, protección medio ambiental, accesibilidade universal e deseño para todos, e fomento da cultura da paz”*.

Nesta liña a universidade foi consciente, no desenvolvemento das súas titulacións de Grao, de que a excelencia profesional vai máis alá da aprendizaxe dunha serie de competencias profesionais e que os alumnos como futuros profesionais deben ser formados en cuestións de ética e moral. É por iso que, en diversos planos de estudo, se optou por incorporar a responsabilidade social empresarial de forma transversal, resultando unha competencia que debe ser traballada por cada docente desde materias de distintas disciplinas. Ademais, nalgunhas titulacións existen materias básicas, obrigatorias e/ou optativas que desenvolven áreas que se incardinan dentro do amplo espectro que abrangue a responsabilidade social corporativa, como son a ética, a deontoloxía, a innovación, o medio ambiente, así como o tratamento da igualdade e a diversidade.

En canto á oferta de mestrados e cursos de posgrao, a Universidade de Vigo respondeu ao aumento da demanda de formación de terceiro ciclo en materia de responsabilidade social. A continuación preséntanse os mestrados que se

ofertaban no bienio 2009-2010 que, ou ben fan mención expresa ao termo RSE no título, ou ben gardan unha relación directa co tema:

- *“Administración integrada de empresas: responsabilidade social corporativa, calidade e medio ambiente”*.
- *“Xestión do desenvolvemento sostible”*.
- *“Enerxía e sostibilidade”*.
- *“Tecnoloxía medioambiental”*.
- *“Estudos de xénero”*.
- *“Menores en situación de desprotección e conflito social”*.

II. PERSOAL DOCENTE

Na Universidade de Vigo somos conscientes de que acadar a excelencia formativa a través do noso alumnado esixe alcanzar a excelencia docente do noso profesorado. Só poderemos aportar á sociedade profesionais ben formados se existen profesores formados de xeito excelente, polo que obter os maiores niveis de oferta e calidade na formación do noso profesorado é un elemento fundamental sen o cal non concibimos a creación de valor a través da formación.

II.1. Formación permanente e do novo profesorado

A nosa universidade, como o resto de institucións universitarias, conta con programas de formación do profesorado que lle permite actualizar e ampliar coñecementos en relación ás súas diferentes disciplinas e especialidades ou achegarse a temas de interese xeral do sector educativo superior. A execución destes programas e actividades formativas achégannos á excelencia docente e supoñen unha garantía de calidade para os estudantes.

Dependente da Vicerreitoría de Formación e Innovación Educativa, a Área de Formación e Innovación Educativa traballou durante 2010 no desenvolvemento de programas de formación de profesorado e na organización de ciclos de

conferencias sobre docencia e innovación educativa na Universidade. Concretamente pon en marcha dous programas específicos neste sentido:

O Programa de Formación Permanente do Profesorado proporciona formación continua e innovación docente ao noso persoal co obxectivo de acadar a excelencia.

O Programa de Formación do Novo Profesorado diríxese aos novos docentes da Universidade de Vigo con reducida ou ningunha experiencia previa en ensinanza ou coñecemento sobre a Universidade e ten como finalidade dar a coñecer o contexto institucional docente, investigador e de xestión da Universidade, desenvolver actitudes e comportamentos positivos de cara á docencia universitaria e aprender a planificar o ensino no ámbito universitario.

II.2. Programas de intercambio

Desde esta institución non só apostamos firmemente pola mobilidade do noso alumnado e a acollida de estudantes estranxeiros, senón que cremos que a mobilidade e internacionalización do noso persoal a través de diferentes programas nos achega ao obxectivo de calidade e excelencia académica.

Os intercambios de persoal docente e investigador (PDI), con estadías de ata seis meses de duración, teñen por obxecto o desenvolvemento de diversos proxectos comúns con outras universidades ou institucións.

Para o profesorado da Universidade de Vigo, a Oficina de Relacións Internacionais (ORI) facilita información sobre os programas de intercambio de docencia e xestiona os seus procesos.

Ademais da existencia de programas que teñen como destino a Unión Europea, EE.UU. ou Canadá, o noso persoal PDI pode participar en accións de cooperación interuniversitaria ou no programa Jean Monnet, destinado ao desenvolvemento no mundo universitario de actividades académicas relacionadas coa integración europea, o estudo da construción da Europa comunitaria e o seu desenvolvemento institucional, político, económico e social. Outros programas salientables son o LLP-Erasmus, o programa Atlantis

EE.UU., o programa europeo Tempus ou o programa Alfa, destinado a fomentar a cooperación entre institucións de ensino superior de América Latina e Europa.

Durante o curso 2009-2010, 53 profesores da nosa institución participaron en programas de mobilidade europea de carácter docente, sendo Alemaña, Gran Bretaña, Portugal, Italia e Francia os desprazamentos máis realizados.

<i>Centro de orixe dos docentes Erasmus Universidade de Vigo</i>	<i>Universidades de destino</i>
Escola Técnica Superior de Enxeñería Industrial	Hochschule Karlsruhe Université Catholique de Louvain Technical University of Lodz
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Hochschule Bremerhaven University of London University of Pardubice Università degli Studi di Torino
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Università degli Studi di Perugia Università degli Studi di Firenze Università degli Studi di Messina Université de Bretagne Sud
Escola Superior de Telecomunicación	Université Joseph Fourier
Facultade de Filoloxía e Tradución	Katholieke Universiteit Leuven Ruhr-Universität Bochum Universidade Nova de Lisboa Universidade de Lisboa Università per Stranieri di Perugia Université de Paris III Sorbonne Nouvelle Katholieke Universiteit Leuven Matej Bel University
Facultade de Ciencias	Haute Ecole Charlemagne Albert-Ludwigs-Universität Freiburg
Facultade de Historia	Università degli Studi di Catania
Escola Superior de Enxeñería Informática	Universidade Portucalense Universidade do Porto (3) Universidade Portucalense (2)
Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Università degli Studi del Molise LUMSA

<i>Centro de orixe dos docentes Erasmus Universidade de Vigo</i>	<i>Universidades de destino</i>
	Universidade do Minho (2) Facultade de Arquitectura de Vilanova de Cerveira "Escola Superior de Gallaecia" Università degli Studi di Firenze
Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Universidade do Porto Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro (2)
Facultade de Dereito	Università degli Studi di Firenze
Facultade de Belas Artes	Universität Koblenz-Landau
Esc. Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial	Universidade Portucalense
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Università degli Studi di Salerno FH Osnabrück University of Oulu Universidade Técnica de Lisboa Università degli Studi di Salerno Université de Pau et des Pays de l'Adour Università degli Studi Roma Tre Charles University HTW Saarlandes Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro Università degli Studi di Firenze
Facultade de Ciencias da Educación	Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro
Facultade de Historia	Università degli Studi di Catania

II.3. Calidade docente

No marco do Espazo Europeo de Educación Superior, a garantía da calidade, convértese nun eixo fundamental, concretado nos centros da Universidade de Vigo no deseño e implantación dos sistemas de garantía de calidade, nos que os procesos de medición, análise e mellora son fundamentais para cubrir a necesidade establecida pola normativa, de obter datos e indicadores que permitan a toma de decisións para a mellora continua dos programas de estudo.

Garantir a calidade da docencia que se imparte na institución implica coñecer o grao de satisfacción do noso alumnado por un lado e a valoración do noso

propio persoal docente e dos seus programas por outro. Só mediante a integración e a análise de todos os datos, poderemos avanzar cara aos nosos obxectivos e falar dunha formación responsable e de calidade, inmersa nun proceso de mellora continua na que participan as partes interesadas.

Programa Docentia

O programa Docentia da Universidade de Vigo responde aos requirimentos recollidos na Lei Orgánica 6/2001 de 21 de decembro de universidades, sobre a obrigatoriedade da avaliación das actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado universitario. Docentia ten como obxecto obter a información contrastada e normalizada sobre os labores de planificación da docencia, desenvolvemento do ensino e resultados académicos e de satisfacción obtidos polo profesorado.

A finalidade é que esta información, baseada na unificación de criterios e na garantía de que todo proceso de avaliación debe ter, poida ser utilizada para a avaliación do profesorado, o recoñecemento aos labores de mellora da calidade da docencia e de innovación docente postas en práctica, a definición e organización dos plans de formación do profesorado, e outras actividades que no futuro se queiran aprobar polos órganos correspondentes.

No curso 2009-2010 púxose en marcha a primeira convocatoria do programa Docentia na que participaron voluntariamente un total de 102 docentes.

Valoración docente do profesorado, VAD

Asemade a Universidade de Vigo, consciente da importancia que ten a actividade docente que desenvolve o seu profesorado nos centros e departamentos e na procura de facer un recoñecemento deste labor e de favorecer e incentivar as iniciativas de avaliación e mellora do mesmo, dispón, a través da Área de Calidade, dun procedemento para a valoración da actividade docente do profesorado.

A valoración da actividade docente do profesorado propónse os seguintes obxectivos:

- 1) Unificar e aquilatar a información dispoñible sobre o conxunto de tarefas desenvolvidas polo profesorado no ámbito da docencia,
- 2) Favorecer a implementación e extensión, nos centros e departamentos, do seguimento, control e avaliación das tarefas docentes así como a estruturación e homoxeneización da información relevante,
- 3) Empregar esta información para a achega de dotacións económicas adicionais aos departamentos (recollidas nos orzamentos da Universidade de Vigo) que poidan favorecer a continuación ou posta en marcha de iniciativas de autoavaliación, formación, organización, mellora e innovación docente.

III. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS)

A responsabilidade social da Universidade de Vigo e a creación natural de valor a través da formación e a investigación require que se valore o labor que desempeña o noso persoal de administración e servizos, que posibilita que tanto alumnado como persoal docente e investigador poidan ser xeradores dese valor engadido para a sociedade. Xa que logo, entendemos fundamental mellorar a calidade do traballo desenvolvido polo PAS fomentando a súa promoción e formación tanto a nivel persoal como profesional.

O artigo 115 dos estatutos afirma que *“garantirá a formación permanente do persoal de administración e servizos que permita a súa adecuación técnica, promoción e especialización”*.

O propio Plan Estratéxico da Universidade, que establece metas e obxectivos a implantar durante o período 2008-2012, nun dos seus nove plans, concretamente no Plan Operativo de Xestión, recolle como meta estratéxica *“establecer unha política integral de persoal”*. Con este fin deseña diferentes accións co denominador común de posibilitar a capacitación e o desenvolvemento persoal e profesional. Entre elas cabe destacar a realización dun diagnóstico de necesidades de aprendizaxe, a elaboración dun plan de

formación ou a posibilidade de implantar un sistema de carreira profesional horizontal e vertical.

Asemade, o persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo que desexe ampliar a súa formación no estranxeiro pode optar ás axudas financeiras de mobilidade de PAS a institucións de ensino superior no marco do programa Erasmus-STT, co que se pretende fomentar a formación do persoal e a internacionalización da institución.

Pola súa banda, o programa Stella ofrece oportunidades de mobilidade ao persoal de administración e servizos, ao fomentar estadías de traballo dunha semana de duración en universidades pertencentes ao Grupo Compostela.

Esta mobilidade internacional do PAS concretouse na participación de sete persoas no programa Erasmus, con destino en University Mainz (Alemaña), University of Malta (Malta), Roehampton University (Reino Unido), Tallinn University (Estonia), Università degli Studi di Foggia (Italia) e Université Bretagne-Sud (Francia).

2. CREACIÓN DE VALOR A TRAVÉS DA INVESTIGACIÓN

A responsabilidade social da nosa institución ten un especial relevancia na produción de investigación e a transferencia de coñecemento, entendida como fonte fundamental de creación de valor para a sociedade.

O Plan Estratéxico 2008-2012 recolle este compromiso a través de dúas das súas metas estratéxicas. Así, “ser unha Universidade que innova e progresa nos procesos de investigación básica e aplicada” e constituírse como unha institución “empresarial que crea, difunde e transfire coñecementos de I+D+i de cara ao tecido produtivo, liderando alianzas estratéxicas a través de centros ou plataformas tecnolóxicas” consolídase como os obxectivos prioritarios dos plans e programas desenvolvidos na Universidade de Vigo na área da investigación.

As Vicerreitorías de Investigación e de Transferencia de Coñecemento teñen a responsabilidade de executar a política científica, as actividades de promoción, difusión e xestión da investigación, desenvolvemento e innovación. Para iso exercen as súas competencias sobre:

- Proposta e formalización de todo tipo de axudas á investigación propias e alleas.
- Autorización e sinaturas de contratos e convenios.
- Biblioteca e servizo de publicacións.
- Proposta de infraestruturas e equipamento
- Institutos e centros de investigación
- Transferencia de resultados de investigación
- Xestión e coordinación de todos os recursos de investigación

Plan Operativo de I+D+i

O Plan Operativo de I+D+i, constituído como a nova política en Investigación e Desenvolvemento na Universidade de Vigo desde 2008, créase como resposta

inmediata para a consecución das metas estratéxicas en materia de investigación. Integra as seguintes actuacións principais:

- Plan de recoñecemento en POD da actividade investigadora
- Programa de axudas e incentivos para convocatorias internacionais
- Creación dunha oficina de proxectos internacionais
- Potenciar a creación de unidades mixtas de investigación
- Potenciar a participación en redes nacionais e internacionais
- Creación dun programa propio de bolsas de formación investigadora
- Plan de reforma do doutoramento

I. Formación en investigación

A formación de investigadores supón o primeiro paso para poder acadar niveis óptimos de desenvolvemento e transferencia de coñecemento dentro e fora da universidade.

A Universidade de Vigo tiña no curso 2009-2010 un total de 724 estudantes matriculados en 51 programas de doutoramento, dos que unha parte deles son programas interuniversitarios. En concreto, 624 matriculados nos programas de doutoramento do RD 778/1998 e 100 matriculados nos programas de doutoramento dos reais decretos 56/2005 e 1393/2007.

No que toca a teses de doutoramento, como remate desta etapa formativa, defendéronse un total de 117 teses, das que 25 recibiron premio extraordinario de doutoramento.

Programas de Doutoramento con mención de calidade

A mención de calidade ou selo de excelencia constitúe un recoñecemento á solvencia científico-técnica e formadora do programa de doutoramento, así como dos grupos ou departamentos que participen no citado programa. Concédeseles aos programas de doutoramento das universidades españolas

mediante a avaliación previa do seu nivel académico, así como dos seus contidos, estrutura e obxectivos.

Durante o curso 2009-2010, un total de 27 programas de doutoramento tiñan recoñecida a mención de calidade.

II. Actividade investigadora

Persoal investigador

O incremento e mellora da calidade dos recursos humanos de investigación é unha liña básica no desenvolvemento da política de I+D+i da Universidade de Vigo. Para a súa consecución deseñáronse diversos instrumentos co fin de facilitar a contratación e incorporación de persoal investigador, tecnólogos e persoal de apoio á I+D, e promover su formación permanente e mobilidade xeográfica, institucional e intersectorial.

Grupos de investigación

Con respecto á súa produción científica, a Universidade de Vigo sitúase nunha posición de vangarda entre as universidades de nova creación. No curso 2009-2010 un total de 262 grupos desenvolveron un labor científica avalado pola súa participación en numerosos programas nacionais e internacionais, estadías en universidades europeas e americanas, e visitas de investigadores de referencia na comunidade científica internacional.

Número de grupos de investigación por área da Universidade de Vigo	
Científica	64
Humanística	52
Tecnolóxica	69
Xurídico-social	77
Total	262

Proxectos, convenios e contratos

Cada vez é máis frecuente e necesario que a investigación aplicada e o desenvolvemento tecnolóxico na universidade se realice, desde as súas primeiras etapas, en colaboración con outros axentes do sistema de innovación alleos á propia institución.

Así, as actividades de investigación pódense levar a cabo mediante fondos procedentes de proxectos e outras actuacións (de fortalecemento de grupos de investigación, complementarias etc.), con cargo a convocatorias públicas de distintos organismos, ou a través de entidades doutra natureza, fundamentalmente de empresas.

Neste sentido, distinguimos dúas vías de realización das actividades:

I+D por encargo: unha empresa ou organización encárgalle á Universidade a realización dun proxecto de investigación, propón os obxectivos, asume os riscos, paga o seu custo, e finalmente dispón dos resultados. Esta actividade formalízase mediante un contrato.

I+D colaborativa: os participantes dos proxectos involucran os seus recursos, comparten riscos e obxectivos e distribúen a propiedade dos resultados. Formalízase mediante un convenio ou acordo de colaboración.

As actividades de I+D+i e os servizos tecnolóxicos realizados a petición dunha entidade externa, tanto de carácter público como privado, incluíndo as actividades de formación durante o ano 2010 reflíctense na seguinte táboa:

ACTIVIDADE	NÚMERO	TOTAL
Contratos	187	5.733.322,50 €
Informes	1223	1.538.093,96 €
Cursos	19	62.176,25 €
TOTAIS	1427	7.333.592,71 €

Do total destas actividades de I+D desenvolvidas en 2010, 69 delas corresponden a proxectos con financiamento procedente de convocatorias públicas (Plan Galego Incite, axudas do CDTI, PROFIT, CENIT, ...), por un importe total de 2.785.241,90 €.

Producción científica

A produción científica, como medida do esforzo investigador, é o indicador máis relevante do nivel dunha universidade verbo do conxunto do sistema universitario.

A nosa institución, sendo de recente constitución, está xa posicionada nos rankings universitarios, particularmente nos indicadores ligados á produción científica recoñecida internacionalmente. En particular, na data de redacción deste documento, salientamos as referencias nos principais rankings universitarios:

- ARWU, Ranking de Shangai - Academic Ranking of World Universities

A Universidade de Vigo aparece recoñecida na lista das 500 primeiras do mundo.

- Ranking da Universidade de Leiden

Elaborado polo Centro de Estudos de Ciencia e Tecnoloxía da Universidade de Leiden. Sitúa tamén á Universidade de Vigo entre as 500 primeiras do mundo.

- Webometrics

Elaborado polo laboratorio de Cibermetría do Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Posiciona tamén á nosa institución entre as 500 universidades máis relevantes.

- Scimago Institutions Rankings. Informe mundial SIR

Sitúa no seu último informe á Universidade de Vigo no posto número 17 por produción científica entre as universidades do Estado, e no posto número 11 na ratio produción científica / profesores para o mesmo conxunto estatal.

- Scimago Institutions Rankings. Informe Iberoamericano SIR

Posiciona á nosa universidade entre as 50 primeiras de Iberoamérica por produción científica.

- Informe CyD - Fundación Conocimiento y Desarrollo

Na medida de produción científica por impacto normalizado, a Universidade de Vigo obtén as seguintes posicións no conxunto de universidades españolas:

Ciencia dos materiais: 1ª

Ciencias de la computación: 2ª

Agricultura e Bioloxía: 4ª

Cátedras

A Universidade de Vigo conta desde su creación coa colaboración de institucións públicas, entidades e empresas privadas, que axudan na remodelación e a potenciación da investigación co fin de mellorar os resultados xerados.

Neste sentido, unha das fórmulas de colaboración é a existencia de cátedras patrocinadas, varias delas ligadas a finalidades de investigación e transferencia.

Entre as cátedras máis vinculadas á Investigación e á Transferencia, salientamos as seguintes::

Cátedra PSA Peugeot Citroën. Foi a primeira, creada en 1993, e que de forma conxunta co Clúster de Empresas de Galicia (CEAGA) colabora coa universidade con diferentes fórmulas, e en particular seleccionando proxectos fin de carreira do ámbito tecnolóxico.

Cátedra Coren. Presente no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI) situado no Campus de Ourense, o seu obxectivo é a investigación aplicada e os proxectos de I+D+i, en materia agroalimentaria e biotecnolóxica.

Cátedra Ence. Enfocada á investigación na industria da madeira, desenvolve as súas actividades na Escola de Enxeñaría Forestal, situada no campus de Pontevedra.

Cátedra Bancaja de Xoves Emprendedor@s. A súa finalidade é impulsar e difundir no ámbito universitario os valores e aptitudes propios da cultura emprendedora. Apoia novos proxectos empresariais e colabora na formación de futuros emprendedores mediante distintos programas educativos, culturais e de extensión universitaria.

III. Centros de investigación propios e vinculados

A Lei Orgánica de Universidades (LOU), no seu artigo 40, establece a posibilidade de que as Universidades creen libremente centros propios de investigación que poden cumprir diversas funcións:

- Actuar como centros de apoio instrumental e de servizo ás actividades dos grupos de investigación.
- Permitir economías de alcance no uso de grandes infraestruturas e equipamento de alta tecnoloxía.
- Integrar e enfocar recursos e capacidades de investigación cara a áreas de interese para a Universidade.
- Consolidar unidades de investigación que, ao apoiarse na actividade dos grupos de investigación, posibilitan o incremento da calidade da I+D+i.

Os centros propios da Universidade de Vigo son:

Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)

O Centro de Apoio Científico Tecnolóxico á Investigación (CACTI) da Universidade de Vigo ten como misión proporcionar apoio científico e tecnolóxico aos membros da comunidade universitaria e á sociedade galega para o fomento de labores de investigación e desenvolvemento. O nivel de desenvolvemento que acadou a investigación na nosa Universidade supón unhas necesidades de infraestruturas cada vez máis importantes, unha parte substancial das cales se materializa en grandes equipos e en servizos de apoio, cunhas características que aconsellan a súa organización de xeito centralizado, de modo que poidan ser utilizados por todos os membros da comunidade científica, racionalizando así o seu réxime de explotación.

A natureza, obxectivos e finalidades do CACTI quedan definidos nos Estatutos da Universidade a través de varios dos seus artigos entre os que destaca o artigo 2 que establece como fins prioritarios, entre outros, acadar as máximas cotas de calidade de docencia e investigación.

O CACTI ofrece unha serie de instalacións e servizos relacionados con diferentes disciplinas como seguridade alimentaria e desenvolvemento sostible, determinación estrutural, proteómica e xenómica, microscopía electrónica, nanotecnoloxía e análise de superficies, etc...

Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT)

A Universidade de Vigo está implantada nun territorio cunha forte vinculación co mar. Dentro da implicación da nosa institución co medio mariño está incluída a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT), inaugurada o 19 de xuño de 2006 e emprazada na Illa de Toralla (Coruxo). A súa creación debe ser entendida dentro do compromiso co entorno social e económico, nun proceso que levou ao recoñecemento de Campus de Excelencia Internacional. ECIMAT supón unha infraestrutura de investigación de excelencia en temas relacionados co mar.

Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI)

O Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI), situado no parque Tecnolóxico de Galicia e vinculado ó Campus de Ourense, ten como misión potenciar o desenvolvemento do I+D+i nas empresas, mediante a creación de espazos de colaboración para favorecer e transferir coñecemento desde a Universidade ao tecido empresarial a través do desenvolvemento de proxectos conxuntos de I+D+i relacionados co ámbito agroalimentario, a biotecnoloxía, a enerxía, o medio ambiente e as tecnoloxías da información.

Nace como un centro de investigación co obxectivo de proporcionar as infraestruturas necesarias para manter e mellorar o nivel científico acadado no campus ourensán, proporcionar valor engadido e vantaxes competitivas para a captación de recursos externos, e subministrar servizos centralizados a esta e outras universidades e centros de investigación públicos ou privados relacionados co ámbito de actuación do CITI.

Outras entidades e centros tecnolóxicos vinculados á Universidade de Vigo son:

Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI), inaugurada en 2011.

Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética (Energylab)

EnergyLab é unha fundación privada, sen ánimo de lucro, cuxa misión é identificar, desenvolver, promover e difundir tecnoloxías, procesos, produtos e hábitos de consumo que permitan a mellora da eficiencia e sostibilidade enerxética na industria, a construción, o transporte e na sociedade en xeral.

Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradiant)

O Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (GRADIANT: Galician Research and Development Center in Advanced Telecommunications) foi fundado en decembro de 2007 por once empresas do sector TIC de Galicia (Arantia, Arteixo Telecom, Egatel, Gsertel, Indra, Ineo, R, Telefónica, Televés, Tredess e Tele2 Comunitel), a Consellería de Industria da Xunta de Galicia e

as tres universidades galegas. O 51% do capital fundacional de GRADIANT é privado, adoptando a fórmula xurídica de "fundación privada sen ánimo de lucro".

IV. Medios ao servizo da investigación e transferencia de coñecemento

Consciente da importancia do coñecemento como motor da innovación, a Universidade de Vigo pon ao servizo da sociedade todo o seu potencial científico e tecnolóxico, os seus equipos, as súas infraestruturas e todos os seus recursos de I+D. Para canalizar eses recursos, salientamos os seguintes medios:

Vicexerencia de Internacionalización

A Vicexerencia de Internacionalización responsabilízase dos obxectivos do eixe de xestión da investigación, apoia funcións das Vicerreitorías de Investigación, Transferencia de coñecemento e Relacións Internacionais e coordina as actividades das distintas unidades de xestión e exerce o canaliza as funcións da Xerencia (económicas, de persoal, patrimoniais etc.) na área de investigación.

Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)

A xestión das actividades de transferencia é realizada pola Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI). As súas funcións poden estruturarse en tres grandes áreas:

- Difusión, promoción e mercadotecnia da I+D+i da Universidade de Vigo.
- Valorización e protección da tecnoloxía da Universidade.
- Transferencia dos resultados da investigación da Universidade de Vigo que poden dar lugar a contratos e convenios de I+D e de natureza científica, técnica o artística, contratos de licenza tecnolóxica, proxectos das empresas de base tecnolóxica, e outras formas de colaboración con empresas e institucións.

A través da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) ponse a disposición dos organismos interesados unha carteira de patentes na que se van incorporando aquelas tecnoloxías que poden ter aplicación no mercado e que están dispoñibles para ser transferidas.

Programa Empresa-Concepto

Desde o ano 2004 no que a Universidade de Vigo comezou a súa participación no programa Empresa-Concepto, 15 grupos de investigación da nosa Universidade crearon empresas de base tecnolóxica transferindo así o seu coñecemento directamente á sociedade e xerando riqueza.

Estas 15 empresas abarcan diversos ámbitos desde a Enxeñería con Azteca Consulting de Enxeñería, a primeira EBT creada en 2005, Umana Ingeniería, Quantum Innovative e Ingeniería Insitu, a Construción con Sound of Numbers, as Telecomunicacións con Bit Oceans, a Teledetección con Vixía Sestems, a Informática con Imatia, a Bioquímica, Xenética e Bioloxía Molecular con Inbiogal e Nanoimmunotech, a Formación con QCoach e Social Wire Labs, o Medio Ambiente con Geodem e Planesga e o Termalismo con Peloides Termales.

No ano 2010, a Universidade de Vigo quixo dar un paso máis aló no seu compromiso de converterse nunha “Universidade emprendedora”, é dicir unha institución implicada de forma activa no desenvolvemento económico e social do territorio, aprobando unha Normativa de Creación de Empresas de Base Tecnolóxica co obxecto de favorecer a participación da Universidade e dos seus profesores na explotación dos resultados da investigación fomentando e facilitando o emprendemento na comunidade universitaria.

As empresas de base tecnolóxica son entidades que se constitúen a iniciativa dos membros da comunidade investigadora e que explotan os coñecementos e as tecnoloxías xeradas nos traballos de investigación realizados. Representan unha das formas de transferencia tecnolóxica e de coñecemento desde os centros de investigación á sociedade, contribuíndo deste xeito ao desenvolvemento económico e social, favorecendo o progreso e xerando riqueza.

Esta nova xeración de empresas contribúe á resolución de problemas técnicos que precisan de coñecementos ben fundamentados, aplicados en moitos casos en áreas científico-tecnolóxicas e sectores empresariais emerxentes. Son ademais unha extraordinaria oportunidade de creación de postos de traballo para investigadores e investigadoras, tan escasos actualmente no noso tecido empresarial.



Servizo de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento

A súa función principal é xestionar proxectos de investigación, recursos humanos de investigación, contratos, convenios, e a parte económica dos programas orzamentarios de investigación.

Unidade de Apoio a Centros de Investigación

Consolídase como unha área de servizos de apoio xeral aos centros de investigación propios da Universidade de Vigo.

FEUGA

A Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) é unha entidade sen finalidade de lucro e de dereito privado especializada na transferencia de coñecemento, innovación e tecnoloxía desde o sistema universitario de Galicia ao mundo empresarial e á sociedade en xeral.

Ofrece a competencia, a habilidade, a experiencia, o talento e o saber científico-técnico xerados polos grupos de investigación universitarios, acercando os seus resultados máis aptos ao mercado, en forma de aplicacións tecnolóxicas que melloran as capacidades empresariais, ou de novas firmas de base innovadora, favorecendo o emprendemento na Universidade e o dinamismo no tecido produtivo.

Fomenta a cultura da innovación e emprendedora a través de tres canles:

- Os proxectos de I+D+i coa Universidade galega, o froito que mellor reflicte o intercambio produtivo entre as institucións académicas superiores e o tecido empresarial ou institucional.
- Os estudantes e os novos titulados, a masa crítica do potencial universitario, cuxa incorporación ao mundo do traballo eleva a cualificación e amplifica as capacidades.
- A divulgación científica, necesaria na súa vertente social e empresarial, para comprender e percibir por que o coñecemento é un motor de progreso e benestar.

V. SERVIZOS DE APOIO Á FORMACIÓN E Á INVESTIGACIÓN

A Universidade de Vigo pon a disposición de toda a comunidade universitaria unha serie de servizos de apoio comúns á formación e á investigación. Algúns destes servizos, medios e instalacións están abertos igualmente á sociedade en xeral.

V.1. Biblioteca

A Universidade de Vigo conta en cada un dos seus campus cunha biblioteca central e varias salas repartidas nas escolas e facultades que a compoñen.

Os principais servizos que ofrece son a consulta en sala, o empréstamo a domicilio, servizos de información bibliográfica, recursos electrónicos e

intercambio interbibliotecario, ademais de actividades formativas para os seus usuarios.

En xaneiro de 2007 a Biblioteca Universitaria recibiu a certificación de calidade ISO: 9000, confirmando os máximos estándares no nivel da prestación do servizo.

A nosa institución participa, xunto coas outras dúas Universidades galegas, no Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, BUGalicia, constituído como un gran centro de información en liña que pon a disposición do persoal docente e investigador e do alumnado un amplo abano de información científica en liña, incluíndo bases de datos, revistas electrónicas, artigos, libros electrónicos e xestores bibliográficos, entre outros.

O máis significativo de BUGalicia é o seu potencial como axente de divulgación científica, a súa capacidade para poñer en valor a produción científica galega e dar conta da súa visibilidade, impacto e relevancia.

Os horarios das bibliotecas da Universidade coinciden cos das facultades e escolas, se ben nos períodos de exames parte da estrutura permanece aberta ata a madrugada e durante as fins de semana en resposta ás expectativas e demandas dos estudantes.

Blog da biblioteca

As novas tecnoloxías tamén están presentes na biblioteca da Universidade de Vigo, que conta cun blog a través do que se informa á comunidade universitaria en xeral, e aos usuarios da Biblioteca en particular, de todas as novidades relativas ao servizo bibliotecario: novos recursos de información, actos públicos, actividades de formación, horarios etc. Os usuarios e lectores do blog tamén poden formular preguntas e realizar os comentarios que consideren oportunos. <http://www.blogdabiblio.es/default.aspx>

Proxecto "PREME"



No seu esforzo por tratar de coñecer mellor a opinión e o grao de satisfacción dos seus usuarios, a Biblioteca da Universidade de Vigo pon en marcha o proxecto PREME (unha pregunta cada mes). PREME dá nome ao conxunto de enquisas dixitais concibido para captar de forma áxil e sinxela o nivel de satisfacción dos usuarios coa Biblioteca.

O proxecto forma parte dos obxectivos de mellora do sistema de xestión da calidade da Biblioteca. Para o seu desenvolvemento fórmase cada mes unha pregunta distinta de xeito que, ao cabo do ano, se poida obter unha visión xeral da opinión dos usuarios sobre as distintas dimensións do servizo bibliotecario.

Durante o curso 2009-2010 as principais preguntas lanzadas a través de PREME indagaron na satisfacción dos seus usuarios en relación a temas como o catálogo da biblioteca, os seus horarios ou os edificios e as instalacións.

V.2. Universidade virtual: servizos TIC

O Plan Operativo de Xestión recolle a necesidade de mellorar e intensificar a aplicación das TIC para avanzar cara a plena implantación da Universidade dixital como un obxectivo fundamental.

As novas tecnoloxías contan cun alto grao de implantación na Universidade, que pon a disposición do seu alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos un bo número de servizos virtuais, coa finalidade de facilitar trámites ou simplemente achegarse dun modo sinxelo aos seus usuarios.

Ademais a Universidade conta cun diario dixital, o Duvi, ferramenta cada vez máis popular entre a comunidade universitaria para manterse informada de todo o que sucede nos tres campus.

Plataforma Bubela

A aula virtual Bubela funciona como unha plataforma de xestión académica en liña para administrar ou dirixir os diferentes cursos que se poñen a disposición da comunidade universitaria, e aos cales se pode acceder a través de Internet.

Son funcións desta plataforma a posibilidade de ver, acceder e realizar a preinscrición ou a matrícula en calquera dos cursos ofertados.

FaiTIC

Baseado en Internet como entorno, a Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions (ATIC) desenvolve esta plataforma. FaiTIC é un servizo de teledocencia complementario aos sistemas tradicionais de docencia presencial.

O servizo preséntase ademais como unha ferramenta útil para afrontar os retos que supón a converxencia co Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), e o uso das novas tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) na docencia universitaria.

Desde un punto de vista tecnolóxico, FaiTIC proporciona, por unha banda, as ferramentas e recursos necesarios para o desenvolvemento da teleformación na Universidade de Vigo e, por outro, nun plano máis didáctico, ofrece servizos de axuda e asesoramento no deseño de proxectos de apoio á docencia presencial, semipresencial e/ou completamente virtual.

V.3. Servizo de Publicacións

Desde a súa fundación en 1993, o Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo publicou máis de 200 títulos.

Segundo o artigo 249 dos Estatutos da Universidade, o Servizo de Publicacións ten como funcións principais a *“edición, difusión e intercambio do traballo investigador realizado na Universidade e doutras obras de interese cultural e científico”*, polo que a súa importancia como servizo de apoio e difusión da formación e investigación resulta evidente.

V.4. Área de Normalización Lingüística

A Área de Normalización Lingüística pon ao servizo da comunidade universitaria asesoramento no uso e na tradución da lingua galega para calquera acción vinculada á formación e á investigación na Universidade, se ben as súas accións baséanse na transversalidade no conxunto da vida universitaria.

3. CREACIÓN DE VALOR A TRAVÉS DAS RELACIÓNS COA SOCIEDADE

Desde Universidade de Vigo temos o firme convencemento de que a razón de ser de calquera institución, máis aínda se é de carácter público, se xustifica na medida en que sexa capaz de xerar valor para a sociedade no seu conxunto. Daquela, ademais de poder contribuír á sociedade a través da labor formativa e de ser capaces de xerar e transferir coñecemento, o noso deber é desempeñar un papel de primeira orde ao servizo da sociedade.

As relacións coa sociedade e cos diferentes grupos de interese que a compoñen, máis alá dos membros da nosa comunidade e o compromiso co seu desenvolvemento, supón o terceiro eixe da responsabilidade social na nosa institución.

Tanto é así que na nosa propia misión, este firme propósito concrétase nunha serie de metas estratéxicas entre as que destacan “ser unha universidade aberta, conectada co entorno e valorada socialmente”, “solidaria e comprometida socialmente” e consolidar a universidade como institución “comprometida coa integración económica e co desenvolvemento eurorrexional”.

I. Diálogo cos nosos grupos de interese

Conscientes da importancia que ten para unha institución universitaria o feito de “crear e facer entre todos”, desde a Universidade de Vigo consideramos que é parte da xestión responsable promover o diálogo e a participación activa e real cos nosos grupos de interese. Presentamos a seguir o Consello Social, así coma dúas iniciativas en relación coa nosa contorna social.

O Consello Social, órgano natural de integración dos nosos grupos de interese

O Consello Social está constituído de acordo co disposto na Lei orgánica 6/2001 do 21 de decembro de universidades e na Lei 1/2003 do 9 de maio de Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia. A importancia da súa existencia está en ser a plataforma natural de integración e diálogo de todos os nosos grupos de interese.

Concibido como un órgano de participación da sociedade na Universidade, o Consello Social eríxese como plataforma modelo de representación e diálogo dos colectivos de interese da Universidade, incluíndo tanto a membros da comunidade universitaria como a diferentes representantes da realidade profesional, social, laboral e económica.

O Consello Social está integrado por un máximo de 28 membros:

- Son membros natos: o/a reitor/a, o/a secretario/a xeral e o/a xerente.
- En representación do Consello de Goberno da Universidade: un docente, un/unha estudante e un representante do persoal de administración e servizos. A través do seu representante neste órgano, o alumnado pode formular todas as peticións que poidan ser competencia do Consello Social.
- En representación dos intereses sociais: o presidente do Consello Social, seis membros designados polo Parlamento de Galicia, seis membros designados pola Xunta de Galicia, dous membros designados polos sindicatos máis representativos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, catro membros designados polas organizacións empresariais máis representativas dos sectores estratéxicos da economía galega na área de influencia da Universidade e un membro designado por cada unha das tres corporacións municipais onde se localizan os campus.

Para ampliar a información sobre o Consello Social pódese consultar a páxina web: www.consellosocial.uvigo.es

Análise de expectativas para o Plan Estratégico

No ano 2008 e no marco contextual da elaboración do Plan Estratégico da Universidade de Vigo, realizouse un primeiro achegamento promovendo e fomentando o diálogo cos nosos grupos de interese para recoller as súas expectativas e poder integralas no que naquel momento se constituiría como documento fundamental da institución, e que, como “folla de ruta”, marcaría o quefacer diario da Universidade para acadar os obxectivos que se estableceron entre 2008 e 2012.

Así, entre abril e xuño de 2007 levamos a cabo a primeira análise da opinión dos grupos de interese que nos permitiu, ademais de recoller as expectativas dos colectivos da propia universidade, obter información da cidadanía a través da realización de enquisas e entrevistas persoais. Os resultados desta primeira análise tiveronse en conta para a elaboración do Plan Estratégico 2008-2012, podendo afirmar que as metas e obxectivos recollidos no mesmo integran as expectativas e demandas detectadas nos nosos principais grupos de interese.

Canle aberta a queixas, suxestións e felicitacións

Para facilitar que todos os nosos grupos de interese teñan a oportunidade real de facer chegar as súas queixas, dúbidas, suxestións ou recoñecementos, a Universidade de Vigo pon a súa disposición a través da web unha caixa de correo na que calquera comentario pode ser enviado incluso de forma anónima. Sen embargo, e co firme compromiso de dar resposta ás demandas das partes interesadas, os usuarios que desexen obter resposta só terán que facilitar un correo electrónico cos datos necesarios para ser contactados vía correo ordinario.

II. Igualdade de oportunidades

A Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo constitúe o instrumento responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre os homes e as mulleres en todos os ámbitos da comunidade universitaria.

Esta unidade, creada en 2006 por acordo do Consello de Goberno, ten como misión principal promover medidas que garantan o acceso en igualdade de condicións á investigación e aos estudos universitarios, ao traballo e á promoción profesional das mulleres e dos homes na Universidade de Vigo, así como realizar o seguimento do desenvolvemento e o cumprimento da lexislación e dos plans e medidas que se adopten na materia.

No período ao que se refire a presente memoria, e baixo petición do Consello Social como paso previo á elaboración dun “plan de igualdade efectiva entre mulleres e homes da UVigo”, publicouse o “*Informe diagnose da igualdade na Universidade de Vigo*”, executado entre outubro de 2008 e novembro de 2009. Este documento pódese consultar en: http://www.uvigo.es/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/igualdade/diagnose_igualdade.pdf

Este primeiro diagnóstico de situación súmase a outras publicacións propias da Unidade de Igualdade, entre as que destacan “*O reto da igualdade. Feminismo, xénero, Universidade*” e “*Breve guía para unha linguaxe non sexista*”.

No curso 2009-2010 leváronse a cabo diversas actividades como a presentación da curtametraxe “*Bata por fóra (muller por dentro)*”, de Claudia Brenlla ou as xornadas “*Actividade física e mulleres*” e “*A igualdade na Universidade: amosar e previr o acoso e a violencia*”.

Campus Camp

Co propósito de impulsar e garantir a igualdade real e mellorar a calidade de vida do persoal, a universidade contempla no Plan Estratéxico 2008-2012 unha serie de obxectivos e accións encamiñadas a potenciar a conciliación da vida laboral e familiar. Entre elas destaca o programa Campus Camp creado para facilitar tanto ao persoal docente como ao persoal de administración e servizos, o coidado dos seus fillos en períodos de vacacións mediante actividades de ocio nos diferentes campus.

Campus Camp ten os seguintes obxectivos:

- Aproveitar as particularidades do emprazamento dos campus para realizar actividades ao aire libre.
- Facilitar aos nenos alternativas de ocio que posibiliten a convivencia e o desenvolvemento das relacións interpersoais a través de actividades lúdicas.
- Fomentar o coñecemento por parte dos nenos e nenas da Universidade.
- Fomentar o desenvolvemento de afeccións, habilidades e potencialidades a través do xogo.
- Favorecer a idea de grupo mediante a colaboración e o traballo cooperativo.
- Crear un ambiente de distensión provocando a risa e a diversión.

III. Atención á discapacidade

Con respecto á integración das persoas con discapacidade, tanto no ámbito académico como no laboral, dispónse de varios programas e establece a necesidade de revisar anualmente os protocolos de atención a estudantes con necesidades especiais.

Se ben esta preocupación se fai extensible ao conxunto da sociedade, facilitar a integración e o día a día do alumnado considérase especialmente relevante e aglutina os principais esforzos neste sentido.

O Programa de Apoio á Integración de Universitarios con Necesidades Especiais (PIUNE), dependente da Sección de Información, Orientación e Promoción do Estudante (SIOPE), está concibido para apoiar aos estudantes con discapacidade, fomentando unha completa igualdade de oportunidades e garantindo a súa integración na vida universitaria.

Mediante estes programas, os estudantes poderán recibir:

- Atención, acollida e asesoramento en coordinación co Gabinete Psicopedagóxico.
- Apoio ao estudo: adaptacións curriculares, recursos técnicos de apoio, etc.
- Acompañamento en actividades diversas por voluntarios da universidade.

Ademais, a Universidade de Vigo, a través da súa web, pon a disposición de toda a comunidade universitaria unha serie de documentos propios elaborados pola Área de Voluntariado nos que se recollen unha serie de pautas xerais para atender, tanto na aula como no entorno da Universidade, a persoas con discapacidade visual, motora, auditiva ou psíquica.

IV. Sostibilidade medioambiental

O compromiso co desenvolvemento sostible, a eficiencia dos recursos e o respecto ao medio ambiente, supoñen un eixo transversal e ineludible da responsabilidade social da Universidade de Vigo e das súas relacións tanto cos membros da comunidade universitaria como coa sociedade no seu conxunto. Este compromiso tradúcese nunha serie de iniciativas, accións e áreas.

Oficina de Medio Ambiente (OMA)

A OMA é o servizo responsable da política ambiental. Entre as súas funcións principais están asesorar a comunidade universitaria en temas relacionados co medio ambiente, intervir nas actuacións que poidan afectar de forma negativa as condicións e compoñentes ambientais da universidade, promovendo, coordinando e incentivando calquera acción encamiñada a aumentar a calidade de vida nos diferentes campus, mediante o equilibrio da relación entre as persoas e o medio ambiente.

Os numerosos plans e obxectivos da OMA pódense clasificar en tres áreas fundamentais:

- Uso moderado, responsable e sostible dos recursos naturais, reducindo o gasto de recursos e enerxía, favorecer o emprego de materiais reutilizados e reciclados, controlar a contaminación e a produción e a xestión de residuos.
- Conservación dos ecosistemas naturais e da diversidade biolóxica. Os criterios ecolóxicos son esenciais na planificación e na execución de calquera actividade ou proxecto, así como garantir que se realicen accións encamiñadas a conseguir os máximos niveis posibles de diversidade biolóxica.
- Fomento da educación, sensibilización e investigación ambiental.

Baixo estes tres obxectivos globais, as principais actividades realizadas pola OMA durante o curso 2009-2010 pódense resumir como nas seguintes:

Conservación da Biodiversidade

- Supervisión e seguimento dos traballos de conservación e mantemento de zonas verdes dos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra.
- VIII Programa de “Conservación do sapo común (Bufo bufo)”, baseado na instalación de barreiras e trampas para evitar o atropelo no vía de circunvalación do campus de Vigo.
- Posta en marcha de medidas correctoras para reducir a poboación de cangrexo americano (*Procambarus clarkii*), introducido na lagoa situada na entrada do campus de Vigo.

Calidade do medio

- Coordinación e supervisión das recollidas de residuos perigosos realizadas nos laboratorios e conserxerías da Universidade de Vigo:

Durante o curso 2009/2010 realizáronse tres recollidas de residuos perigosos: as dúas ordinarias que teñen lugar durante cada curso e unha extraordinaria, que se acomete no caso de que haxa un exceso de residuos no almacén da Facultade de Química.

As cantidades de residuos perigosos que se retiraron nas distintas recollidas foron:

	Outubro de 2009	Febreiro de 2010	Abril de 2010
Total Residuos (kg)	8.469	3.254	8.469

- Supervisión do almacenamento, transporte e xestión do material informático obsoleto dado de baixa nos centros da Universidade de Vigo a través de xestores autorizados e a colaboración co SIOPE na consolidación do Programa de Voluntariado para a reutilización do material informático obsoleto.

A continuación amósase unha táboa coa descrición e a cantidade do material informático obsoleto recollido nos centros e recollido polo xestor autorizado (Xesgal):

CPUs	183
Monitores	152
Impresoras	51
Máquinas de escribir	23
Focopiadoras	3
Escáneres	5
SAIs	38
Proxectores	2
Dvd/Vídeo	1
HiFi/Radio	2
Fax	2
PAE	1
Teléfonos	1
Triturador	1
Cámara de fotos	1
Forno laboratorio (50 kg)	1
Báscula (25 kg)	1
Contadores raios gamma beta (400 kg)	2
Material diverso	320 kg

- Control e supervisión do traballo dos xestores autorizados que recollen e tratan os residuos urbanos na Universidade de Vigo (papel, envases, vidro, toners, cartuchos etc.).
- Control e supervisión de cinceiros de cabichas nos distintos centros da Universidade de Vigo.
- Coordinación e supervisión do Servizo de Xestión dos consumibles de oficina (cartuchos e tóneres) da Universidade de Vigo.
- Subministración e supervisión do uso e do estado dos colectores de papel internos instalados pola OMA.
- Elaboración da enquisa 2009 sobre a xeración de residuos no sector servizos solicitada anualmente polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

Sensibilización, Formación e Investigación

- Organización de itinerarios guiados polo campus de Vigo para membros da comunidade universitaria e persoas e entidades alleas a esta. Participaron 30 membros da comunidade universitaria e 25 persoas alleas á Universidade.
- VII Programa de Educación ambiental Universidade é Natureza dirixido a estudantes de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e postobrigatoria dos institutos e C.P.I. do Concello de Vigo. Durante o curso 2009-2010 participaron neste programa 700 alumnos e 40 profesores, pertencentes a 18 centros.
- Organización de itinerarios guiados polo campus de Vigo para os rapaces participantes no campamento de verán Campus Camp da Universidade de Vigo.
- Colaboración co SIOPE na elaboración e consolidación do Programa de Voluntariado da OMA. Participación en actividades relacionadas coa conservación de ecosistemas naturais e a educación e sensibilización ambiental.

- Divulgación a través dos medios de comunicación (radio local, televisión rexional, prensa local e estatal) así como a través da web da OMA, dos traballos realizados pola Oficina de Medio Ambiente.
- Campañas realizadas ao longo do curso 2009/2010:
 - Celebración do Día Mundial sen Coches (22 de setembro de 2009) no que participou a comunidade universitaria a través de enquisas para valorar os hábitos de desprazamento dos usuarios.
 - Posta en marcha do programa de Doazón de Reactivos entre laboratorios no que tomaron parte un laboratorio como doador e tres como beneficiarios.
 - Continuación do programa Cheo por Favor no que participaron ao redor 35 persoas para poñerse de acordo e compartir coche nos seus desprazamentos entre os campus da Universidade.
 - Introducción da campaña Mobilízate pola Selva. Participación da comunidade universitaria a través da doazón de teléfonos móbiles en desuso. Desde a posta en marcha da campaña en marzo ata xullo recolléronse un total de 87 teléfonos móbiles.
 - Celebración do Día Mundial da Árbore (21 de marzo).
 - Colaboración con WWF e a Hora do Planeta (27 de marzo) divulgando a importancia de devandita data. Apagáronse as luces na maioría dos centros da Universidade de Vigo.
 - Realización de xornadas de conducción eficiente en colaboración co Plan Suma. Entre maio e xuño participaron un total de 43 persoas.

Para coñecer todos os programas e actividades da OMA pódese consultar <http://webs.uvigo.es/oma/documentos.php>

Plan SuMA.

O Plan de Sustentabilidade e Medio Ambiente (Plan SuMA) da UVIGO, aprobado por Consello de Goberno en decembro de 2007, integra todas as accións e iniciativas que se desenvolven na UVIGO no ámbito de progreso sustentable. Este plan estrutúrase en sete programas:

- Programa ESE: Eficiencia e sustentabilidade enerxética.
- Programa R3: Reciclaxe e reutilización de residuos.
- Programa CONTORNOS: Contorno natural e patrimonial.
- Programa TP: Transporte.
- Programa ISI: Instalacións singulares de I+D.
- Programa CCS: Colaboración e compromiso social.
- Programa DIS: Difusión e sensibilización.

Cada programa é de aplicación xeral a todos os edificios, instalacións e unidades da universidade, para o cal se dispón dun orzamento destinado a tarefas de avaliación, estudos e execución de proxectos que son cofinanciados mediante as convocatorias públicas europeas, estatais e autonómicas que xorden a favor da sustentabilidade.

Neste aspecto a Universidade de Vigo fixo avances importantes en desenvolvemento e potenciación de enerxías renovables: solar térmica e fotovoltaica, enerxía xeotérmica, caldeiras de biomasa e estudos de implantación de aeroxeradores. Incídese ademais no desenvolvemento e aplicación de tecnoloxías de aforro e eficiencia enerxética (diminución e control do gasto en calefacción, uso de lámpadas de baixo consumo, balastos electrónicos, detectores de presenza, etc.) en colaboración co Departamento de Obras e Infraestruturas e a Unidade Técnica da universidade.

Mediante o Plan SuMA a Universidade de Vigo quere ser un referente no sistema universitario nacional e internacional en materia de sustentabilidade, ademais de servir de apoio a toda a sociedade, para contribuír a unha mellora continua mediante o progreso sustentable.

Anexo a este plan, hai tres proxectos: *Terrae*, *Vedra* e *Campus Verde*, que permitirán a implantación, respectivamente nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo, de estratexias de desenvolvemento sostible e de integración das enerxías renovables a través de actuacións urbanísticas e paisaxísticas.

Entre as actuacións realizadas no eido das enerxías renovables nos campus, da Universidade pódense resaltar:

Instalacións xeotérmicas

- No Edificio Administrativo do campus de Ourense
- Na Biblioteca Central do campus de Vigo
- No CACTI
- Na Biblioteca da Facultade de Ciencias Experimentais do campus de Vigo
- No CITEXVI

Instalacións de enerxía fotovoltaica

- Na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do campus de Pontevedra
- No pavillón estudantil do campus de Ourense
- No CITEXVI

Instalacións termosolares

- Nos pavillóns de deportes dos 3 campus da UVIGO
- No CACTI
- Na Escola de Enxeñaría Industrial
- Na ECIMAT

Caldeiras de biomasa

- Na escola infantil do campus de Pontevedra

Tamén se realizaron actuacións no eido da mellora da eficiencia enerxética:

- Substituíronse todas as luminarias exteriores do campus de Ourense por outras de tecnoloxía LED
- Detectores de presenza nos aseos do Edificio Politécnico de Ourense para optimizar a iluminación.
- Substitución de balastros electromagnéticos por electrónicos nos sistemas de iluminación no Edificio de Ciencias Experimentais e a Escola de Enxeñaría Industrial do campus de Vigo
- Control da iluminación exterior mediante deslastre de cargas en horario non lectivo.

- Instalación de baterías de condensadores automáticas para compensación da enerxía reactiva dos edificios de Fundación e da Facultade de Química.
- Instalación de farois fotovoltaicos na residencia de estudantes do campus de Vigo

Anualmente a Universidade de Vigo está a convocar bolsas de formación en *Desenvolvemento Sustentable e Xestión Ambiental*, para estudantes de posgrao que colaboren en actividades de desenvolvemento sostible e xestión ambiental incluídas na temática do Plan SuMA.

V. Promoción da cultura e do deporte

A promoción da cultura e do deporte non é un ámbito que desde a Universidade se potencie exclusivamente entre os membros da súa comunidade, senón que son disciplinas que se deben difundir e facilitar a toda a sociedade.

A universidade é, por natureza, xeradora de cultura, polo que difundir as súas actividades neste ámbito, propiciar a participación de persoas alleas á propia institución e colaborar con outras organizacións ou entidades de referencia supoñen os seus principais cometidos nesta área.

Por outra banda, o acceso aos servizos e instalacións deportivas é un elemento distintivo da institución. Máis de 10.000 persoas participan cada ano nas distintas actividades organizadas polo Servizo de Deportes.

VI. Aulas de Formación Aberta

A través das Aulas de Formación Aberta, a Universidade de Vigo pretende ofrecer á sociedade aquilo do que dispón: coñecemento, capacidade de formación, medios, instalacións e recursos humanos, nunha ampliación da súa misión educativa. Con esta iniciativa quérese contribuír ao enriquecemento

humano e cultural que se desprende tanto do traballo universitario cotiá como das actividades complementarias que se organizan nas diferentes áreas. As Aulas de Formación Aberta organizan programas de formación específicos dirixidos a colectivos concretos (persoas maiores, inmigrantes etc.).

Programa para Maiores

Co gallo de fomentar a participación das persoas maiores de 55 anos na sociedade actual, apoialas no proceso de adaptación aos cambios actuais e promover as relacións interxeracionais, o Programa para Maiores da Universidade de Vigo é un proxecto de desenvolvemento científico-cultural dirixido especificamente a este sector de poboación.

Coa súa posta en marcha nos tres campus, a Universidade pretende facilitar ás persoas adultas o seu desenvolvemento persoal e social, ofertando unha serie de estudos a aqueles que, por varias razóns, non puideron acceder á Universidade no seu momento ou que, sendo xa titulados, se atopan nunha idade inhabitual para as tarefas académicas.

Adáptanse ao Programa para Maiores os seguintes ciclos e programas:

- Ciclo de Especialización: 36 créditos e dous anos académicos (360 horas). Unha vez superado o ciclo, obtense o título propio da Universidade de Vigo de Graduado Superior Sénior.
- Ciclo Intensivo: 54 créditos e tres anos académicos (540 horas). Unha vez superado o ciclo obtense o título propio da Universidade de Vigo de Graduado Universitario Sénior.

Durante o curso 2009-2010 matriculáronse un total de 322 alumnos, dos cales, 199 eran mulleres e 123 homes.

Estudo	Nº Matrículas
Graduado Superior Sénior	87
Graduado Universitario Sénior	235
Total	322

Os aspectos pedagóxicos do Programa para Maiores adáptanse aos seguintes principios:

- Principio de adecuación dos contidos. Os contidos das diferentes materias ou disciplinas deben adaptarse ao nivel de formación do alumnado, tratando de axustar o rigor e o valor científico dos contidos á súa capacidade de comprensión.
- Principio de aprendizaxe personalizada. Os programas das materias terán en conta a situación específica de aprendizaxe do alumno: tempos, ritmos, interese, motivación, etc...
- Principio de integración do plan académico e a realidade sociocultural. O programa inclúe actividades de carácter sociocultural, que complementan aspectos estritamente académicos propios da institución na que se encadra.

Máis información. https://seix.uvigo.es/programa_maiores/

VII. Acción social e plans de pensións

A acción social constitúe outro dos nosos compromisos máis firmes nas relacións coa sociedade. Cumprindo co desenvolvemento de programas e accións de carácter social na Universidade de Vigo, e tras o acordo da Comisión de Acción Social, todos os anos convócanse axudas de fondo social. As modalidades de axudas e a distribución de fondos é a seguinte:

- Atención a persoas con minusvalía física, psíquica e/ou sensorial: 15% do total.
- Coidado de fillos de 0 a 6 anos: 35% do total.
- Estudos do persoal, fillos e cónxuxe/parella de feito: 20% do total.
- Tratamentos de saúde do persoal, cónxuxe/parella de feito e fillos: 27% do total.
- Axudas extraordinarias: 3% do total.

Os importes concedidos á acción social foron de 179.879,01€ en 2009 e de 181.346,37€ en 2010.

Nesta liña cabe destacar igualmente que a Universidade de Vigo promoveu no ano 1997 un plan de pensións de modalidade de emprego, de contía indefinida, pola que realiza unha achega económica que se reparte equitativamente entre os empregados, persoal laboral ou funcionario cunha antigüidade de dous anos na institución que se integren como partícipes activos do plan.

A achega da Universidade de Vigo aos plans de pensións foi de 234.999,73€ no ano 2009 e de 234.993,12€ no ano 2010.

VIII. Voluntariado

Ademais da disposición de fondos propios destinados a acción social, na Universidade de Vigo existe unha área de voluntariado, dependente da Vicerreitoría de Extensión Universitaria, que organiza un programa de voluntariado que se desenvolve de acordo ás directrices establecidas pola Lei 3/2000 del Voluntariado de Galicia do 22 de decembro e polo Regulamento de Voluntariado da Universidade de Vigo.

Os seus principais obxectivos son:

- Promover a integración do estudante na realidade social como parte fundamental da súa formación mediante a realización de actividades de voluntariado.
- Fomentar a participación da comunidade universitaria en actividades voluntarias.
- Difundir entre a comunidade universitaria información sobre as actividades de carácter social desenvolvidas por ONGs, institucións e fundacións, en especial as que realizan a súa actividade nas localidades nas que se sitúan os campus da Universidade de Vigo.
- Propiciar e colaborar no desenvolvemento de estudos e traballos sobre temas relacionados co voluntariado e cos problemas sociais do entorno.

Os voluntarios contarán cunha póliza de seguro, un carné de voluntario, formación gratuíta, orientación e información, un reintegro dos gastos de desprazamento ocasionados pola colaboración e un certificado emitido pola universidade que recolle a tarefa desenvolvida e as horas dedicadas.

Programas propios e en colaboración con outras institucións

As principais áreas de actuación do voluntariado na universidade son: apoio a estudantes con necesidades especiais, apoio a estudantes de nova incorporación, infancia e xuventude, terceira idade, drogodependencia, discapacitados físicos e psíquicos, colectivos desfavorecidos, igualdade, atención sanitaria, cultura e patrimonio, deportes, medio natural, intercambio lingüístico, cooperación internacional etc.

De entre os programas propios da institución, ademais da participación na Oficina de Medio Ambiente (OMA) ou no PIUNE como indicabamos en apartados anteriores desta memoria, os alumnos poden desenvolver o seu voluntariado no GRUVI (Grupo de Reciclaxe Informático da Universidade de Vigo), un proxecto que recupera equipos informáticos para doalos con software libre a diferentes entidades sociais (asociacións, fundacións, ONGs etc.)

En relación aos programas que a universidade desenvolve con outras institucións detállanse a continuación os máis destacados.

AECC Asociación Española contra o Cancro
Campañas de prevención e información
<i>Concienciar a poboación (reparto de dípticos/trípticos sobre as campañas, información sobre a AECC, difusión de accións, outros).</i>
Obtención de recursos
<i>Mellorar a calidade de vida das persoas enfermas e as súas familias (venta de lotaría, solicitar colaboración coa AECC, recollida de utensilios vellos...).</i>
Voluntariado con persoas enfermas de cancro en hospitais e/ou a domicilio
<i>Acompañamento de persoas enfermas de cancro en hospitais e/ou a domicilio (conversación/desafogo emocional, lectura de revistas/libros, xestións puntuais e recados, derivar e informar a AECC sobre posibles necesidades).</i>
AFAGA Asociación de familiares de enfermos de alzheimer e outras demencias de Galicia
Voluntariado a domicilio
<i>Mellorar a calidade de vida dos enfermos de alzheimer e dos seus cuidadores mediante o acompañamento a domicilio (realizando actividades lúdicas, conversa, paseo...)</i>
ALBORADA Asociación cidadá de loita contra a droga en Vigo
Proxecto de curso de iniciación ao inglés

<i>Dar formación básica en inglés aos pacientes ingresados no centro de día e na comunidade terapéutica "Alborada".</i>
Proxecto para a mellora administrativa de Alborada en materia de deseño gráfico
<i>Memorias institucionais, dípticos, folletos, imaxe corporativa etc.</i>
Proxecto para a elaboración dun breve vídeo promocional dos centros de atención á drogodependentes Alborada
<i>Realizar unha reportaxe promocional nos que poden colaborar os pacientes</i>
APACAF Asociación de pais de persoas con trastorno do espectro autista
Servizo de ocio e tempo libre/ servizo de terapia asistidas por animais
<i>Mellorar a calidade de vida das persoas con autismo e das súas familias (saídas aos centros comerciais e espazos naturais do entorno, atención na explotación agropecuaria e atención aos animais de explotación)</i>
ARELA Apoio á infancia e á mocidade
Apoio escolar
<i>Apoio escolar, reforzo educativo e preparación de materiais.</i>
Ocio e tempo de recreo
<i>Apoiar aos Equipos directivos dos centros Arela no acompañamento, deseño e desenvolvemento de actividades de ocio e tempo libre.</i>
Acompañamento individualizado
<i>Acompañamento de adolescentes a actividades (cine, teatro, partidos de fútbol ...)</i>
Desenvolvemento de obradoiros e outras actividades
<i>Impartir obradoiros ou desenvolver actividades específicas (proposta, elaboración e organización de obradoiro)a iniciativa individual ou por parte dun grupo de persoas ou colectivo.</i>
ASDEGAL Acción solidaria de Galicia
Voluntariado con discapacitados
<i>Facer compañía a discapacitados, sacalos a pasear, apoio e substitución de familiares mentres saen a facer recados.</i>
Voluntariado con menores para gardería de madres con problemas
<i>Coidado de nenos menores de 2 anos mentres as súas nais asisten a clases.</i>
Acompañamento de persoas maiores a domicilio e outras xestións
<i>Conversar, pasear, acompañalos a consultas médicas, supermercados etc.</i>
Voluntariado en residencias da terceira idade
<i>Conversar, xogar ás cartas, colaborar en actividades de ocio, axudar a darlle a comida a aqueles que o necesitan.</i>
Voluntariado de apoio escolar e outras actividades con menores e adolescentes

<i>Mellorar o rendemento académico e a autoestima de nenos e adolescentes sen recursos, colaborar nas casas de acollida en actividades lúdicas, apoio en centros de educación especial.</i>
FUNDACIÓN INTEGRA Colectivos marxinais
Elaboración de material didáctico
<i>Labor informático para apoiar a coordinadora na elaboración de materiais.</i>
Evolución persoal (persoas con discapacidade intelectual)
<i>Apoio ao profesional que conduce o grupo dentro da aula en actividades de grupo.</i>
FUNDACION JUAN SOÑADOR
Teranga laboral
<i>Lograr que os inmigrantes en situación de vulnerabilidade obteñan unha inserción sociolaboral Perfil voluntario: coñecementos de ferramentas e técnicas de busca de emprego, orientación laboral, aptitude pedagóxica</i>
Esperta, goza do tempo libre
<i>Pretende proporcionar un tempo de ocio aos nenos que se encontren nunha situación de risco social en Galicia (apoiar na realización de actividades de tempo libre como monitor en obradoiros, actividades deportivas, excursións etc.).</i>

IX. Achega á responsabilidade social

Á marxe de desenvolver e mellorar a nosa responsabilidade social, desde a Universidade de Vigo entendemos que como entidade xeradora de coñecemento e polo impacto social da institución, debemos apoiar, mediante diferentes políticas e accións, a difusión e consolidación da propia responsabilidade social como disciplina.

Xa que logo, cada vez máis, a oferta formativa inclúe a responsabilidade social como eixe transversal en diferentes estudos de grao e posgrao, ou conformando en si mesma o obxecto de estudo fundamental en programas académicos e cursos específicos.

Ademais, desde a propio área de voluntariado colabórase no desenvolvemento de estudos e traballos sobre temas relacionados co voluntariado e cos problemas sociais do entorno, e realízanse cursos de verán e de formación específica noutras accións promovidas desde a propia universidade ou en

colaboración con outras institucións (Dirección Xeral de Voluntariado, Concellos etc.).

A pertenza da Universidade de Vigo a diferentes redes e plataformas específicas sobre a responsabilidade social (Rede UNIRSE, RSE Galicia etc.) evidencian a nosa implicación e compromiso coa responsabilidade social en xeral e coa responsabilidade social universitaria en particular.